

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de novembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catro de novembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitútese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1501).- ACTAS ANTERIORES. Acta da sesión ordinaria do 5 de outubro, extraordinaria e urxente do 9 de outubro, ordinaria do 13 de outubro, extraordinaria e urxente do 13 de outubro, extraordinaria e urxente do 16 de outubro e ordinaria do 19 de outubro de 2009.

2(1502).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:

- a) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 55/2005. Demandante: D^a. Eva Oliveira Pérez. Obxecto: Acto do 12/07/04 e desestimación presunta de reposición sobre (ramal 3) da Baixada ao Capitán, solicitude de reclamación posesoria, arquivo. Desestimatoria.
- b) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4065/2007 interposto por D^a Eva Oliveira Pérez contra a antedita Sentenza. Estimado en parte o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 250/09 P.A. Demandante: D JOSE ANTONIO MAGAZ IGLESIAS. Obxecto: Resolución 14/04/09 (en reposición) SANCION TRAFICO. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 187/08 p.o. Demandante: “UNIÓN CONSUMIDORES PROVINCIA PONTEVEDRA”. Obxecto: XGL 16/02/08, modificación de tarifas de estacionamentos municipais. Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 210/09 P.A. Demandante: D^a CRISTINA MARTINEZ FERNANDEZ. Obxecto: Resolución 3/02/09. Sanción de tráfico .Expte.: 088688078. Estima o recurso e anula a sanción.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 138/2009 p.a. Demandante: D. Modesto Vázquez Pazó. Obxecto: Escrito do 27/01/09 sobre reclamación por “cambio de turno”, Persoal, Bombeiros. Desestima o recurso.
- g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 171/2009. Demandante: D. Juan C. Peixoto Ferreiro. Obxecto: Desestimación presunta. R.P.A., accidente vehículo o 29/12/06 (aceite na calzada) Expediente: 1836/243. AUTO Nº 105 do 7 de setembro do 2009. Desestimento do demandante.
- h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 352/2009.Demandante: D^a. Esther Lora Rodríguez. Obxecto: Resolución 17/03/09. Sanción de tráfico, XER Expediente: 098625892. Desistimento da demandante.
- 1) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 226/2009. Demandante: D. Miguel A. Prieto Lage. Obxecto: Resolución 31/03/09. Sanción de tráfico, estacionamiento en carga e descarga. Expediente: 088702505. Estimado o recurso.
- k) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 353/09 P.A. Demandante: D^a ESTHER LORA RODRIGUEZ. Obxecto: Resolución 26/05/09. Sanción de Tráfico XER. Expte.: 088833914. Desestimento do demandante.

l) Provindencia do T.S. de Justicia de Madrid no RCA nº 06/529/2008. Demandante: Concello de Lugo. Demandado: Ministerio de Economía y Hacienda. Codemandado: Concello de Vigo. Declara apartado como codemandado ó Concello de Vigo.

m) Auto do X. Do Contencioso-Administrativo sobre a solicitude de D. Juan M. García González de extensión de efectos da Sentenza 205/2007 estimatoria de recurso interposto contra silencio administrativo a solicitude do 26/05/06 de incremento de C.D. e C.E. (diferenza de función: xefe de turno a Sarxento Bombeiros). Desestimada a solicitude.

n) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol no RC-A nº 83/2008 p.a. Demandante: D. Jesús Sánchez González (GALIDES, S.L.). Obxecto: Resolución do 10/01/2008. Sanción de tráfico estacionamento en dobre fileira. Expte.: 078628755. Desestimado o recurso.

o) Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 245/09 p.a. Demandante: D. Carlos Cabaleiro Boullosa e “LIBERTY INSURANCE CIA SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.”. Obxecto: Desestimación presunta. RPA, caída dunha árbore sobre un auto o 18/04/08. Expte.: 2143/243. Declarado o remate do procedemento.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 228/2009 P.A. Demandante: Dª Purificación García Álvarez. Obxecto: Resolución do 20.04.09 (estimación parcial). Expediente de responsabilidade patrimonial nº 1646/243. Desestimado o recurso.

q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo de Ferrol no RC-A nº 84/2008 p.a. Demandante: D. Jesús Sánchez González (GALIDES, S.L.) Obxecto: Resolución 14-11-2007. Sanción de tráfico, exceso de velocidade. Expte.: 078631408. Desestimado o recurso.

r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo de Ferrol no RC-A nº 82/08 p.a. Demandante: D. Jesús Sánchez González. Obxecto: Resolución 10/01/08. Sanción Tráfico, exceso de velocidade. Expte.: 078652009. Desestimado o recurso.

s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense no RC-A nº 35/2009 p.a. Demandante: D. José Manuel Pérez Garrido. Obxecto: Resolución do 18/11/2008. Sanción de Tráfico. Non identificación do conductor. Desestimado o recurso.

t) Sentenza do TSXG no rec. Apelación de 542/08 interposto por Dª IRENE RÍOS FERNÁNDEZ contra sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, desestimatoria de recurso contra “desestimación presunta de reclamación sobre probas físicas-selección de persoal da Policía municipal. Desestimada a apelación

u) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 174/09 P.A. Demandante: D^a MARIA ROSA GONZALEZ GARRIDO. Obxecto: Resolución 27/02/09. RPA, caída na vía pública o 3/10/06 (rampa de supermercado). Expte.: 1544/243. Desestimado o recurso.

Acordo

Dado conta das devanditas sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local queda enterada do seu contido.

3(1503).- ADXUDICACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE COMEDOR EN LISTA DE ESPERA. EXPTE. 47994/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta emitido pola técnica de Benestar Social de data 21 de outubro, coa conformidade da concelleira delegada e máis do interventor, e selado coa conformidade da fiscalización con data 29 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar, da lista de espera das axudas de comedor concedidas segundo resolución de XGL do 24 de agosto de 2009, becas a alumnos/as que aparecían en dita lista de espera e que se achegan no listado adxunto (Anexo I). Esta relación comeza co alumno Bello Álvarez, Aarón do Colexio Alba, con 7.50 puntos e remata con Pereira Nodar, Clara con 5 puntos do Colexio Don Bosco, con 5.00 puntos.

Segundo.- Autorizar, para o ano 2009, o gasto de 9.000 € con cargo ó saldo da partida 3130.481.00.00, e o gasto de 40.000 euros con cargo ó RC 2009.000.48335

4(1504).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2429/12, 23/567, 13/2510, 01/191, 12/1331, 13/1708, 02/2678, 02/2871. DENEGACIÓN EXPTE. 21/1151.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- M^a Dealdina Barcia Rodríguez. Expte. 2429/12.
- Rosa M^a. Alonso Carrera. Expte. 191/01.
- Adela Fernández Bodaño. 2510/13.
- Mercedes Freijerío García. Expte. 567/13.
- Justa Figueroa Martínez. Expte. 12/1331.
- José Luis Cores Romero. Expte. 13/1708.
- M^a Carmen Vilacha Suárez. Expte. 2871/02.
- Mercedes Abalde Cameselle. Expte. 2678/02.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Cándida Elena Castellanos Hernández. Expte. 1151/21.

5(1505).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2081/23,12/2517.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- Angela Rodríguez Fernández. Expte. 2517/12.
- Belamar González Doval. Expte. 2081/12.

6(1506).- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VIGO POLO QUE SE REGULA A CESIÓN DE USO DE DIVERSO MATERIAL INFORMÁTICO. EXPTE. 46604/301.

Examinada as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.10.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 19.08.09, conformado pola concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ratificar o texto do protocolo de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Vigo polo que se regula a cesión temporal de uso de diverso equipamento informático.

2º.- Convalidar todas as actuacións levadas a cabo.

*PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
E O CONCELLO DE VIGO POLO QUE SE REGULA A CESIÓN TEMPORAL DE USO DE
DIVERSO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO.*

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009

REUNIDOS

Dunha parte, D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D./Dna. María Xosé Méndez Piñeiro, actuando en representación do Concello de Vigo (en diante, "a Entidade Colaboradora") en virtude da súa condición de Concelleira Delegada de Benestar Social da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

A Consellería de Innovación e Industria e a Entidade Colaboradora poderán ser denominadas, individualmente "a Parte" e, de forma conxunta, "as Partes".

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que, segundo o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información correspóndenlle, entre outras competencias, a elaboración, proposta, coordinación, execución e control de programas destinados a promover e fomentar a implantación da Sociedade da Información e a achega das Tecnoloxías da Información e das Telecomunicacións a todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Que a Consellería de Innovación e Industria ten posto en marcha á Rede de Dinamización da Sociedade da Información en Galicia, cuxa finalidade é a achega das novas tecnoloxías da Información e as comunicacións á toda a sociedade galega, e particularmente a aqueles colectivos que teñen unha maior dificultade de acceso. A Rede de Dinamización está formada por dinamizadores e dinamizadoras seleccionados a través de convocatorias públicas en réxime de concorrencia competitiva.

O principal obxectivo da Rede é poñer en marcha un proxecto de Dinamización da Sociedade da Información co cal se pretende promover o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación na poboación, facendo especial fincapé naqueles colectivos onde a fenda dixital faise máis evidente.

En definitiva, o obxectivo do proxecto é conseguir que a cidadanía experimente de forma efectiva e sensible os beneficios das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, de forma que isto sexa o xermolo paso para un uso diario e cotián.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Vigo subscriben de mutuo acordo o presente protocolo de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Cesión temporal en depósito de equipamento informático

Coa finalidade de que a Rede de Dinamización e os beneficios da Sociedade da Información se podan estender, contribuíndo ao fomento do uso de Internet e as Novas Tecnoloxías entre a cidadanía, e de que se dispoña para este fin do local e equipamento axeitados, as partes adquiren os seguintes compromisos.

Compromisos da Consellería de Innovación e Industria:

A Consellería de Innovación e Industria comprométese a ceder en depósito á Entidade Colaboradora o material informático descrito no Anexo I.

A cesión en depósito será polo tempo total de vixencia do Protocolo de Colaboración.

Compromisos da Entidade Colaboradora:

A Entidade Colaboradora comprométese a destinar o equipamento relacionado no parágrafo anterior a unha aula para a dinamización da Sociedade da Información entre a cidadanía.

A entidade colaboradora integrarase como tal na Rede de Dinamización da Sociedade da Información.

A aula de dinamización poderá ser empregada polo persoal da Rede de Dinamización para o desenvolvemento do proxecto.

Asemade a entidade colaboradora comprométese ao coidado e mantemento dos equipos, así como asumir os custos relacionados co seus consumibles (electricidade, tinta, papel, etc.).

Unha vez rematado o período de vixencia do Protocolo de Colaboración, a Entidade Colaboradora comprométese á devolución dos equipos informáticos á Consellería de Innovación e Industria.

Segunda.- Prazo de vixencia

O presente protocolo ten a súa entrada en vigor na data da súa sinatura e estende a súa vixencia mentres a entidade colaboradora siga integrada na Rede de Dinamización da Consellería de Innovación e Industria.

Terceira.- Réxime xurídico e Xurisdición

O presente acordo terá natureza xurídico-administrativa, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, polo establecido na normativa contractual pública. Calquera controversia que non sexa posíbel solucionar mediante o procedemento definido na Cláusula Terceira deberá ser resolta polos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

E en proba de conformidade, ambas partes subscriben o presente protocolo, por duplicado e a un só efecto, na data e lugar antes indicados.

*POLA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA*

POLA ENTIDADE COLABORADORA

D. FERNANDO XABIER BLANCO ÁLVAREZ

DNA. MARÍA XOSÉ MÉNDEZ PIÑEIRO

ANEXO I

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO - CONCELLO DE VIGO

DATA DE ENTREGA: 7 de abril de 2009

<i>CANTIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>
<i>7</i>	<i>Ordenadores de sobremesaACER VERITON M420</i>
<i>7</i>	<i>Monitores..... ACER V173</i>
<i>7</i>	<i>Auricular.....LABTEC HEADSET 242</i>
<i>7</i>	<i>WebcamLOGITECH QUICKCAM E 3500</i>
<i>1</i>	<i>Impresora multifunciónHP PHOTOSMART C7280 ALL-IN ONE</i>
<i>1</i>	<i>Router InarámicoLINKSYS WRT54G2</i>
<i>7</i>	<i>Lectores de cartóns DNICHERRY SP-1200USB</i>

7(1507).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO “O CONCELLO INFORMA”. EXPTE. 18733/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 24.09.09, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato “O Concello informa” adxudicado a Ecovigo Publicidade S.L., pola XGL de 23 de maio de 2009, establecendo ó mesmo a partir do 1 de agosto de 2009, na cantidade de 197.200,00 euros/ano.

8(1508).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA “CAMPAÑA DE INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL VIGO 2008-2009”. EXPTE. 18734/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.09.09, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato da "campaña de información da actividade Municipal Vigo 2008-2009", adxudicado a Ecovigo Publicidade S.L., pola XGL de 2 de xuño de 2008, establecendo ó mesmo a partir do 1 de agosto de 2009, na cantidade de 207.060,00 euros/ano.

9(1509).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA A TRAVÉS DO 010. EXPTE. 1813/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 30.09.09, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de atención telefónica a través do 010, adxudicado na XGL de 2006 a empresa ARCAL GRUPO NORTE S.A., posteriormente cedido a empresa OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE SL, establecendo éste a partir do 1 de marzo de 2009 a 28 de febreiro de 2010, na cantidade de 140.720,15 euros.

10(1510).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 3100/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 30.09.09, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo da Escola Municipal de Danza, adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 21 de agosto de 2006, fixando o prezo contractual para o periodo de 1 de setembro de 2009 a 31 de agosto de 2010 na cantidade de 120.188,69 euros/ano.

11(1511).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 3100/335.

Este expediente consta repetido na orde do día. Tratouse no punto anterior.

12(1512).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE VALLA METÁLICA PARA OS PARQUES INFANTÍS DA CIDADE. EXPTE. 4600/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.07.09, o informe de fiscalización, do 28.10.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 3.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións preparatorias practicadas no expediente 4600-446, confirmando á orde de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado de Área de Xestión Municipal de 9 de xuño de 2009, o informe do xefe do servizo de Parques e Xardíns de 9 de xuño de 2009 e demais actuacións administrativas obrantes no expediente.

2º.- Aproba-lo gasto de 120.839 euros para a contratación do subministro e instalación de valla metálica para os parques infantís da cidade, que se imputarán a partida 4326.611.00.02 do presuposto do ano 2009.

3º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro e instalación de valla metálica para os parques infantís da cidade, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 29-05-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento aberto con múltiples criterios de data 03-11-2009 e tramitación ordinaria.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Diario Oficial de Galicia.

13(1513).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CATRO MOTOCICLETAS PARA A PATRULLA MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 6338/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.08.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 4.09.09, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 22.000 euros para a contratación do subministro de catro motocicletas para a patrulla medioambiental que se imputarán á partida 4450.624.00.00 do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración de catro motocicletas para a patrulla medioambiental que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 03-04-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento negociado sen publicidade de data 15-06-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

14(1514).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VILAGARCÍA DE AROUSA”. EXPTE. 57621/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Union Temporal de Empresas formada por Obras Reformas y Saneamiento, S.L: (ORESA) e Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Vilagarcía de Arousa (Expte. 57621-250) coas seguintes características:

- Prezo total de 755.461,54 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incrementa a aportación ó control de calidade nun 3%.
- Aporta 7 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 7 procederán da situación legal de desemprego.
- Oferta a execución das seguintes melloras:
 - Lousas vermello altamira en pasos peóns 169,15 m2.
 - Lousas granito gris Alba 60x40x6: 1816,65 m2.
 - Papeleira acerido inoxidable Mod Maya: 10 und.
 - Banco trapecio modelo Alerce: 4 und.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

15(1515).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN BOUZAS. RÚA PAULINO FREIRE. EXPTE. 57623/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Eiriña, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do Exped 57623-250 Humanización Bouzas. Rúa Paulino Freire coas seguintes características:

- Prezo total de 382.653 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 2%.
- Aporta 4 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 4 procederán da situación legal de desemprego.
- Aporta como melloras as seguintes:
- Revestimento con mortero de alta resistencia en pozo totalmente rematado: 2 unidades.
- Xardineiras 100x130x60 en chapa galvanizada: 28 unidades.

Banco: 14 unidades

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

16(1516).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN CALVARIO”. EXPTE. 57616/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Xestión Ambiental de Contratas, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras do Exped 57616-250 Humanización Calvario. Rúa Extremadura coas seguintes características:

- Prezo total de 229.550 euros
- Incremento do prazo de garantía de 12 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 0,1%.
- Aporta unha persoa a maiores sobre o mínimo esixido das que unha procederá da situación legal de desemprego.
- Aporta como melloras o subministro dunha papeleira modelo Otto 80 L.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

17(1517).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN AVDA. ALCALDE PORTANET”. EXPTE. 57619/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Eiriña S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do Exped 57619-250 Humanización Avda. Alcade Portanet coas seguintes características:

- Prezo total de 437.142,86 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 2%.
- Aporta 4 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 4 procederán da situación legal de desemprego.
- Aporta como melloras as seguintes:
 - Xardineiras ornamentais: 3 unidades
 - Louseta de granito Gris Alba 40x40x4 cm: 2.200 m²
 - Canalización de 110 mm de diametro de dobre capa: Ofertan 241 m .
 - Canalización de 63 mm de diametro de dobre capa: Ofertan 241 m .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

18(1518).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN RÚA SIMÓN BOLÍVAR”. EXPTE. 57622/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Xestión Ambiental de Contratas, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do Exped 57622-250 Humanización Rúa Simón Bolívar coas seguintes características:

- Prezo total de 521.935,46 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 2%.
- Aporta 5 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 5 procederán da situación legal de desemprego.

- Aporta como melloras as seguintes:
 - Xardineiras: 8 unidades.
 - Bancada de aceiro inox: 2 unidades.
 - Papeleiras: Aumento de 3 unidades.
 - Toilekan de aceiro galvanizado: 3 unidades.
 - Escudo de Vigo en vidro de varandas: Ofertan 6 uds.
 - Expositores aceiro inox: 2 unidades .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

19(1519).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinada as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Devolver a UTE Contener-Otto a fianza por importe de 1.108.763,97 € constituída para responder do mantemento de contenedores e papeleiras xa que o servizo foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2920/241.
- b) Devolver a Movexvial S.L. a fianza por importe de 1.329,65 € constituída para responder da humanización e peatonalización do entorno de Príncipe xa que foron recibidas por se executar conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2970/241.
- c) Devolver a Oreco S.A. as fianzas por importe de 1.509,18 € e 1.615,09 € constituídas para responder da mellora de beirarrúas nas rúas Portela e Purificación Saavedra xa que as obras foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2853/241.
- d) Devolver a Dumbo S.L. a fianza por importe de 6.720 € constituída para responder da xestión da escola infantil Sta. Cristina de Lavadores, xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 10943/332.

20(1520).- CONTRATACIÓN MUSICAL DE JENNIFER LARMORE E OPUS FIVE A CELEBRAR NA IGREXA MARÍA AUXILIADORA O 21 DE NOVEMBRO - FESTIVAL ARE MORE 2009. EXPTE. 11824/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 8.10.09, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que se achega no expediente para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de JENNIFER LARMORE e OPUS FIVE, dentro do programa de concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2009, o día 21 de novembro ás 20,45 horas na Igrexa María Auxiliadora.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 29.000,00 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza) do programa de Cultura para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a Mario Ubiaga André, NIF: 36105816-W.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Cultura de CAIXANOVA Nº 2080 0000 78 0040302691.

21(1521).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA ORQUESTRA BARROCA DE VENECIA E SARA MINGARDO O DÍA 28 DE NOVIEMBRE NA IGREXA MARÍA AUXILIADORA - FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO ARE MORE 2009. EXPTE. 11822/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 16.10.09, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que se achega no expediente para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de ORQUESTRA BARROCA DE VENECIA E SARA MINGARDO, dentro do programa de concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2009, o día 28 de novembro ás 20,45 horas na Igrexa María Auxiliadora.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 42.920,00 € (IVE engadido) con cargo á partida presupostaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza) do programa de Cultura para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a ADELA SÁNCHEZ PRODUCCIONES S.L., CIF: B-33504689.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Cultura de CAIXANOVA Nº 2080 0000 78 0040302691.

22(1522).- CONTRATO DE ACTUACIÓN MUSICAL DOS MÚSICOS DO TEJO COA ÓPERA LA SPINALBA O DÍA 27 DE NOVIEMBRE NO TEATRO SALESIANOS- FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO ARE MORE 2009. EXPTE. 11823/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 16.10.09, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que se achega no expediente para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de OS MÚSICOS DO TEJO coa ópera LA SPINALBA, dentro do programa de concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2009, o día 27 de novembro ás 20,30 horas no Teatro Salesianos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 26.128,00 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza) do programa de Cultura para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a Mario Ubiaga André, NIF: 36105816-W

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Cultura de CAIXANOVA Nº 2080 0000 78 0040302691.

23(1523).- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TAEKWONDO POLA CELEBRACIÓN DO “CAMPEONATO DE EUROPA DE TAEKWONDO” NA CIDADE DE VIGO, NOS VINDEIROS 5, 6, 7 E 8 DE NOVIEMBRE. EXPTE. 8838/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.09, o informe xurídico do 7.10.09, e de acordo co informe-proposta do director do IMD, do 15.09.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Española de Taekwondo, para a celebración do Campionato de Europa de Taekwondo sub-21 que se vai celebrar os vindeiros 5, 6, 7 e 8 de novembro de 2009, e que se achega con este expediente.

Segundo: Aprobar o gasto de 40.000,00 €. a favor da entidade Federación Española de Taekwondo, CIF: Q-0878007D e con enderezo social na rúa Avda. Gran Vía, 4 Alicante. O pagamento realizarase na conta 2090-0280-87-0040167935 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

Terceiro: Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (20.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Federación Española de Taekwondo, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Federación Española de Taekwondo CIF: Q-0878007D, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación primeira do presente convenio.

Terceiro: Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dousmil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Jesús Castellanos Pueblas como presidente da Federación Española de Taekwondo CIF nº Q-0878007D e enderezo social en Avda. Gran Vís, 4 en Alicante, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8838-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN:

- Que o obxecto do presente convenio é fixa-los termos da colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Federación Española de Taekwondo para o desenvolvemento dos evento deportivo "Campionato de Europa de Taekwondo Sub-21" os días 5, 6, 7 e 8 de novembro de 2009.*
- Que a lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2009; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*
- Que a Federación Española de Taekwondo reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG para obter a condición de de beneficiario de subvencións.*
- Que esta subvención ten un claro carácter de interés publico social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en*

conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese publico e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo.

- Que a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència dado que a Federación Española de Taekwondo é unha Institución única e ten experiencia para o fomento deportivo na súa modalidade, sendo a entidade que desenvolveu proxectos similares en base a ser a entidade que ten as autorizacións federativas para a organización deste evento.

- Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de Vigo ten a realización do "Campionato de Europa de Taekwondo", o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Federación Española de Taekwondo" conveñen a a súa colaboración para a realización do devandito Campionato de Europa taekwondo os vindeiros 5, 6, 7 e 8 de novembro de 2009, en base ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar a organización do evento deportivo "Campionato de Europa de Taekwondo" que se vai celebrar en Vigo os vindeiros días 5, 6, 7 e 8 de novembro de 2009 á Federación Española de Taekwondo.
2. Colaborar na financiación do Torneo "Campionato de Europa de Taekwondo" que se vai celebrar en Vigo a través da subvención á "Federación Española de Taekwondo" en relación ós gastos para a organización e desenvolvemento do "Campionato de Europa de Taekwondo Sub-21", por unha cantidade de 40.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, Subvencións Eventos Deportivos, do orzamento en vigor.
3. Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (20.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Federación Española de Taekwondo, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Federación Española de Taekwondo CIF: Q.0878007.D, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do presente convenio.

Segunda: A Federación Española de taekwondo asume as seguintes obrigas:

1. Organizar o "Campionato de Europa taekwondo sub-21" que se vai celebrar en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
3. Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.

4. A organización porá a disposición da Concellería de deportes un mínimo de 150 invitacións para promover o evento.
5. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
6. Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Terceira: O seguimento da execución do presente convenio será realizado polo servizo de deportes da Concellería de deportes do Concello de Vigo.

A Concellería de Deportes, a través do servizo de deportes e do IMD, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Federación Española de Taekwondo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instructor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Cuarta: Así mesmo acordan que todos os ingresos derivados da organización do "Campionato de Europa de Taekwondo" serán percibidos en beneficio da "Federación Española de Taekwondo".

Quinta: A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización do "Campionato de Europa de Taekwondo".

Sexta: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Séptima: O beneficiario poderá subcontratar totalmente a actividade subvencionada co cumprimento das condicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava: A Federación Española de Taekwondo deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do "Campionato de Europa de Taekwondo".

Novena: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos.

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, a Federación española de Taekwondo deberá adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

1. Balance de Ingresos e gastos do evento.
2. Relación conformada das facturas presentadas como xustificación da subvención.

3. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio, polo importe da subvención concedida, incluídos na relación anterior, coas seguintes especificidades:
- Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ó expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 - Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de participantes, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
 - En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.
 - Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 60 días anteriores á celebración do evento e o 15 días posteriores á celebración do mesmo. A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. Coa xustificación deberá entregarse a acreditación de atoparse ó corrente cos cumprimentos das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Así mesmo entregarase unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade. Se o importe da subvención municipal illadamente ou en concorrencia con outras subvencións recibidas polo beneficiario para a actividade subvencionada excedese do custo desta, procederá o reintegro de tal exceso a esta Administración municipal ou a cantidade proporcional que proceda cando o dereito de reintegro municipal concorra co dereito de reintegro dos concedentes das outras subvencións concorrentes.

A axeitada xustificación da subvención, que deberá realizarse no prazo máximo de 3 meses dende a finalización da actividade subvencionada, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, será comprobada polo servizo de deportes. O Director Deportivo do IMD emitirá un informe ao respecto, facendo constar a realización do evento de conformidade coa conta xustificativa, previo o pagamento dos 40.000,00 € correspondentes á subvención ou, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décima: A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimoprimeira: A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamiento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

O Concelleiro-Delegado de Deportes

O Presidente da Federación Española de Taekwondo

Asdo. Xabier Alonso Pérez

Asdo. Jesús Castellanos Pueblas

24(1524).- BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL – TEMPORAL PEÓNS E OFICIAIS DO “PROXECTO UTIL”. EXPTE. 6043/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 7.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as “Bases de selección de candidatas e candidatos a beneficiarios e beneficiarias do programa UTIL 'Unidade de Tráballo para a Inserción Laboral” que se achegan no Anexo I.

2º.- Aprobar a Bases de selección de candidatas e candidatos para Oficiais Técnicos do programa UTIL 'Unidade de Tráballo para a Inserción Laboral” que se achegan no Anexo II.

3º.- Aprobar as convocatorias de selección de candidatos e candidatas para:

Beneficiarios e beneficiarias do programa UTIL
Oficiais Técnicos do programa UTIL.

ANEXO I

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “UTIL: UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL” ANO 2009-2010, NA CATEGORÍA DE PEÓNS

1º.- *OBXECTIVOS.-*

Obxectivos do programa.- A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por colectivos que teñen maiores dificultades para atopar emprego.

Os datos de paro rexistrado no mes de maio do ano que andamos, son de 207.517.-, correspondendo á provincia de Pontevedra un total de 81.184.- persoas. No municipio de Vigo, o número de parados no mes de maio do 2009, foi de 37.159 persoas, (datos do Servizo Público de Emprego-Consellería de Benestar Social e Emprego da Xunta de Galicia).

UTIL: UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL, (ANO 2009-2010), cunha duración de 12 meses.

O UTIL: Unidade de Tráballo para a Inserción Laboral, é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, e prestando especial atención ós colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Ademais incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o concello e crea accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

2º.- *POSTOS DE TRABALLO.*

Os postos de traballo a convocar para futuras contratacións do Programa de Emprego: UTIL, son os de peóns beneficiarios/as:

O número de postos a seleccionar determinarase no momento de publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

3º.- *DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.*

3.1.- *Duración.- A duración determinada inicial estímase:*

- *Seis meses, prorrogables como máximo por outros seis, que coincidirá coa duración total do programa temporal de emprego de interese social UTIL, coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego UTIL, e en todo caso as limitacións legais establecidas no*

art. 15.5, do E.T., modificado pola Lei 43/2006, (disposición adicional cuarta do RD 5/2006, máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato e para o mesmo posto de traballo).

- Os traballadores/as seleccionado/a/s ó abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate o devandito programa: UTIL- Unidade de Traballo para a Inserción Laboral, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas/os beneficiarias/os seleccionado/a/s.
- Establécese un período de proba para os contratados/as de 2 meses de duración.

3.2.- Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outras incidencias da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita Xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social: “UTIL- Unidade de Traballo para a Inserción Laboral”, para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

3.3.- Retribucións.-

- As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego para o 2004-2007, prorrogado ata o data do ano que andamos, conforme aos seguintes criterios:
 - a) As establecidas no artigo 1.3 do acordo marco (beneficiarios/as peóns).

3.4.- En todo caso, a formalización, modalidade, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa aos aspirantes.

4º.- PERFIL DOS POSTOS DE TRABALLO, FUNCÍONS E OBRIGAS

- Como beneficiarias do programa UTIL, serán aquelas persoas, sen cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán os labores programados seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.
- Tódalas persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa UTIL deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo

e o seu incumprimento por parte do/a/s beneficiario/a/s durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

5º.- REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

- *Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a, de conformidade coa lexislación vixente.*
- *Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado.*
- *Estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo na data da convocatoria.*
- *Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, como mínimo con 3 meses de antigüidade dende a data da convocatoria.*
- *Non ter sido contratado/a, en ningunha das anteriores convocatorias en algún dos seguintes Programas de Emprego Municipais: PROMIL, BIAL e UTIL.*
- *Non poderán participar na mesma quenda do UTIL, dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar.*
- *Non poderá ser contratado/a ningunha persoa pertencente á mesma unidade de convivencia familiar dunha persoa beneficiaria da quenda inmediatamente anterior.*
- *As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo permanente que autorice a traballar na data da convocatoria.*

6º.-FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

6.1.- Procedemento de selección de candidatos e candidatas a beneficiarios/as:

- *Convocatoria pública a través da prensa local.*
- *Recollida de Impresos de Solicitud e Autorizacións correspondentes nas oficinas do programa UTIL, ubicadas no Parque Central de Servizos do Concello (rúa A Bagunda 1, xunto á Igrexa de Sta. Cristina de Lavadores), dende o mesmo día de publicación da convocatoria.*
- *Prazo de 10 días naturais dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria para a presentación de solicitudes e documentación acreditativa no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- *Publicación da lista das persoas candidatas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e apertura dun prazo de 5 días naturais para a presentación de alegacións, aportación de documentación e/ou subsanación de erros.*
- *Solicitud de datos aos organismos competentes.*

- *Baremación das persoas candidatas admitidas ao proceso de selección conforme aos criterios de selección estipulados.*
- *Publicación da lista das persoas admitidas ao proceso selectivo coas puntuacións obtidas na baremación.*

6.2.- Procedemento de selección de beneficiarios e beneficiarias:

- *A Xunta de Goberno Local aprobará a convocatoria de selección, previa fiscalización da intervención municipal, na que se indicará os postos convocados e as puntuacións de corte dos candidatos e candidatas que pasarán ao proceso de entrevista.*
- *Realización da entrevista.*
- *Publicación das persoas candidatas seleccionadas e elaboración de lista de substitucións para posibles baixas e renuncias.*
- *Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas.*
- *Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.*

7º.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS.-

Dada a natureza e especiais características do Programa UTIL, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas. Concretamente:

<i>Valoración socio-económica:</i>	<i>Ingresos económicos Colectivos preferentes Cargas familiares</i>
<i>Entrevista persoal</i>	

- *Valoración socio-económica.*
- *Ingresos económicos da unidade familiar,* entendendo como tal, aquelas persoas vinculadas á persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento e/ou por parentesco da consanguinidade ou afinidade ata o primeiro grao, que convivan con aquela e sempre que figuren empadroadas no mesmo enderezo. Así, a situación económica familiar, puntuarase segundo a contía da renda per-cápita da unidade familiar, requírese que sexa inferior ao 80% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) vixente para cada ano. Para a quenda do 2009-2010, os ingresos económicos baremaranse segundo a seguinte táboa:

PUNTUACIÓN POR RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR NO ANO 2008		
% REFERIDA AO IPREM 2008 (6.202,80 €)		
<i>Intervalo ingresos (€/ano)</i>	<i>Intervalo (%)</i>	<i>Puntuación</i>
<i>0,00 – 1.240,56€</i>	<i>De 0 ata 20</i>	<i>4</i>

1.240,57 - 2.481,12.€	> 20 ata 40	3
2.481,13 – 3.721,68€	> 40 ata 60	2
3.721,69 – 4.962,24€	> 60 ata 80	1
Máis de 4.962,24€	> 80	0

- Colectivos preferentes. Por pertencer a algún/s dos colectivos con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, de acordo co establecido co PME 08-11.

- Reservarase:

1. 10% para persoas vítimas de violencia doméstica. Recurrirase ao C.I.M. (Centro de Información da Muller) de Vigo para que identifique a persoas deste colectivo, en número superior ás prazas reservadas, que logo pasarán por unha entrevista persoal na que se valorará a adecuación do programa ó seu itinerario laboral.

2. 5% para persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, debidamente acreditado mediante fotocopia da certificación oficial e sempre que a discapacidade non sexa incompatible coas funcións a desenvolver. No caso en que esta porcentaxe non se cubra, poderá recurrirse para solicitar persoas candidatas a aquela/s entidades que a Comisión de Selección decida. En todo caso, solicitarase o Certificado de aptitude para o desenvolvemento do posto de traballo ao que vaia estar adscrita a persoa discapacitada ou certificado de incapacidade, dependendo do mesmo a súa contratación.

3. 5% para persoas en grave risco de exclusión social de colectivos non recollidos nos puntos anteriores. No caso de que esta porcentaxe non se cubra, poderáse recorrer, para solicitar persoas candidatas, a aquela/s entidades que a Comisión de Selección decida.

4. Tentarase unha distribución que permita a presenza de:

1. 60% de mulleres.

2. 10% de mocidade entre 18 e 25 anos, na data da convocatoria.

3. 10% de persoas maiores de 45 anos, na data de convocatoria.

4. 10% de persoas paradas de longa duración, entendendo por tales, aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. *Levar un mínimo de 1 ano de antigüidade como demandante na oficina de emprego.*

2. *Non ter traballado, nos doce meses anteriores á data da convocatoria, máis de 3 meses.*

- Baremaranse os colectivos segundo o seguinte cadro:

<i>Colectivo</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Vítima de violencia doméstica(*)</i>	<i>1,0</i>
<i>Persoa discapacitada</i>	<i>1,0</i>
<i>Colectivos en grave risco de exclusión social</i>	<i>1,0</i>
<i>Muller</i>	<i>0,5</i>
<i>Xove entre 18 de 25 anos en busca do 1º emprego</i>	<i>1,0</i>
<i>Maior de 45 anos</i>	<i>0,5</i>
<i>Desempregado/a de longa duración</i>	<i>0,5</i>

(*) *Entenderase por vítima de violencia doméstica aquela persoa que sufrira tal circunstancia dentro dos últimos tres anos, e o acredite coa denuncia correspondente ou ben a través doutro medio que determine a Comisión de Selección.*

- *Cargas familiares.*

Puntuaranse as cargas familiares que poida acreditar na convocatoria a persoa aspirante segundo a táboa seguinte:

<i>Cargas familiares en 1º grao de parentesco</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Por cada fillo/a menor de 18 anos</i>	<i>0,3</i>
<i>Por cada convivinte con discapacidade igual ou superior ao 65%</i>	<i>0,3</i>
<i>Por cada convivinte con discapacidade entre 33% e 64%</i>	<i>0,2</i>
<i>Por cada fillo/a entre 18 e 26 anos sen ingresos propios</i>	<i>0,1</i>
<i>Por cada maior de 65 anos ao seu cargo</i>	<i>0,1</i>

8º.- CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Promoción Económica e Emprego, determinará:

- *No momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:*

- A puntuación mínima esixida aos candidatos e candidatas no proceso de baremación para acceder á fase de entrevista e que se publicará no taboleiro de edictos municipal.
- Aprobar o número de beneficiarios e beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa UTIL.
- Nomear a Comisión de Selección conforme se establece na cláusula 9ª das presentes bases.
- Autorizar a realización da entrevista e/ou proba práctica ós candidatos e candidatas coas valoracións seguintes:

9ª.- SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS.

A Comisión de Selección realizará as probas e/ou entrevistas aos candidatos e candidatas que superaran os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local, conforme aos seguintes criterios:

Entrevista persoal

- Realizaráselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.
- A escala de puntuación na entrevista persoal será de 1 a 3 puntos.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a calificación de “apto/a”, que se acadará cunha puntuación mínima de 1 punto.
- Sen esta calificación de “apto” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

10ª.- LISTA DE SUBSTITUCIÓN.-

Os/as candidatas/os que non foran contratado/a/s e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as”, para o mesmo ou calquera outro programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

11ª.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- O Xefe do Servizo de Promoción E., Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.
- Un funcionaria/o do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.
- Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de Selección contará coa asistencia técnica- admtva da Tca. de Organización e X. de Recursos Humanos.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

12º.- PRAZO SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA OS CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA UTIL.

- *Prazo: 10 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación do anuncio.*
- *Recollida de Impresos de Solicitud: Oficinas do programa UTIL, ubicadas no Parque Central de Servizos do Concello (rúa A Bagunda 1, xunto á Igrexa de Sta. Cristina de Lavadores), dende o mesmo día de publicación da convocatoria*
- *Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Vigo, na praza do .Rei s/n. 36202 Vigo.*
- *Horario de entrega: de luns a sábado, de 9:00 a 13:00 horas.*
- *Documentación a entregar:*
- *Impreso de solicitud debidamente cuberto e asinado, coa declaración xurada de que todos os datos aportados se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.*
- *Autorizacións ao Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo (segundo modelo que se facilitará), para solicitar información de carácter tributario de ingresos percibidos de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, así como vidas laborais completas dos mesmos, aos organismos competentes, como son por exemplo:*
 - *A Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
 - *A Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
 - *O Instituto Nacional da Seguridade Social.*
 - *O Instituto Nacional de Emprego.*
 - *A Consellaría de Benestar Social.*

- *Entidades de carácter social.*
- *Fotocopias dos DNI da persoa aspirante e de cada un dos membros da unidade familiar. No caso dos menores que non o posúan, presentaranse fotocopias validadas do Libro de familia. Nos casos en que proceda, fotocopia validada do Certificado de Parella de Feito. No caso de estranxeiros, fotocopias validadas da tarxeta de residencia e de traballo.*
- *Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.*
- *Fotocopia da denuncia correspondente, ou doutro medio que acredite, no seu caso, a condición da vítima de violencia doméstica.*
- *Fotocopia do informe de discapacidade e/ou incapacidade, emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.*

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Promoción Económica e Emprego exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

13º.- VALIDACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

- o *Os candidatos e candidatas que por puntuación pasen a fase de entrevista reclamaráselle a presentación de orixinais da documentación presentada para ser validada. A non presentación desta documentación será causa de exclusión do proceso selectivo.*
- o *A validación, que únicamente servirá para este proceso selectivo, realizarase presentando orixinal e fotocopia do documento para validar, nas oficinas do UTIL no Parque Central de Servizos do Concello, no prazo que estipule nese momento.*

14º.- OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES.-

En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa UTIL-2ª quenda, de duración inicial de seis meses prorrogables ata completar un máximo de 12 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entoutros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobor dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da cal se informa ó/a/s aspirantes.

- o *A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións e presentar alegacións.*

- o *Máis información: Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa UTIL (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no taboleiro de anuncios do Concello.*

ANEXO II

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “UTIL: UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL” ANO 2009-2010, NA CATEGORÍA DE OFICIAIS TÉCNICOS

1º.- OBXECTIVOS.-

Obxectivos do programa.- A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por colectivos que teñen maiores dificultades para atopar emprego. Polo tanto o obxectivo é formar e facilitar a adquisición de habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, as súas capacitación e competencia profesional, e en definitiva, aumentar as súas posibilidades de inserción no mercado laboral.

O Programa UTIL necesita incorporar un número de oficiais técnicos con experiencia profesional no sector da construción e con habilidades formativas que posibiliten a capacitación profesional nos oficios relacionados coa obra civil e os servizos de interese municipal, das persoas beneficiarias que se incorporaran ao programa. O UTIL: Unidade de Traballo para a Inserción Laboral, é un instrumento elaborado para promove-lo emprego no municipio, e prestando especial atención ós colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Ademais incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o concello e crea accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

UTIL: UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL, (ANO 2009-2010), cunha duración de 12 meses.

2º.- POSTOS DE TRABALLO.

Os postos de traballo a convocar para futuras contratacións do Programa de Emprego: UTIL, son:

<ul style="list-style-type: none">• Oficial condutor
<ul style="list-style-type: none">• Oficial condutor-palista
<ul style="list-style-type: none">• Oficial albanel
<ul style="list-style-type: none">• Oficial electricista
<ul style="list-style-type: none">• Oficial fontaneiro
<ul style="list-style-type: none">• Oficial forestal-xardiñeiro.

O número de postos a seleccionar determinarase no momento de publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

3º.- DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

3.1.- Duración.- *A duración determinada inicial estímase:*

- *Seis meses, prorrogables en períodos semestrais ata un máximo de 24 meses, que coincidirá coa duración total do programa temporal de emprego de interese social UTIL, coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego UTIL, e en todo caso as limitacións legais*

establecidas no art. 15.5, do E.T., modificado pola Lei 43/2006, (disposición adicional cuarta do RD 5/2006, máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato e para o mesmo posto de traballo).

- Os traballadores/as seleccionado/a/s ó abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate o devandito programa: UTIL- Unidade de Traballo para a Inserción Laboral, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas/os oficiais técnicos seleccionado/a/s.

Establécese un período de proba para os contratados/as de 2 meses de duración.

3.2.- Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outras incidencias da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base a lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita Xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social: “UTIL- Unidade de Traballo para a Inserción Laboral”, para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

3.3.- Retribucións.-

As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego para o 2004-2007, prorrogado ata o data do ano que andamos, conforme aos seguintes criterios:

As establecidas no artigo 9 do acordo marco (técnicos/as e xestores/as Oficiais).

3.4.- En todo caso, a formalización, modalidade, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa aos aspirantes.

4º.- PERFIL DOS POSTOS DE TRABALLO, FUNCÍONS E OBRIGAS

- OFICIAIS OFICIOS, nas diferentes especialidades que se indican no punto 6 apartado B destas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades no desprazamentos de persoas e materiais ás obras.
- Tódalas persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa UTIL deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumplimento por parte do/a/s beneficiario/a/s durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

5º.-FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

5.1.- Procedemento de selección de candidatos e candidatas a oficiais técnicos:

- Convocatoria pública a través da prensa local.
- Recollida de Impresos de Solicitud e Autorizacións correspondentes nas oficinas do programa UTIL, ubicadas no Parque Central de Servizos do Concello (rúa A Bagunda 1, xunto á Igrexa de Sta. Cristina de Lavadores), dende o mesmo día de publicación da convocatoria.
- Prazo de **10** días naturais dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria para a presentación de solicitudes e documentación acreditativa no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Publicación da lista das persoas candidatas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e apertura dun prazo de 5 días naturais para a presentación de alegacións, aportación de documentación e/ou subsanación de erros.
- Solicitud de datos aos organismos competentes.
- Baremación das persoas candidatas admitidas ao proceso de selección conforme aos criterios de selección estipulados.
- Publicación da lista das persoas admitidas ao proceso selectivo coas puntuacións obtidas na baremación.

5.2.- Procedemento de selección de oficiais técnicos:

- A Xunta de Goberno Local aprobará a convocatoria de selección, previa fiscalización da intervención municipal, na que se indicará os postos convocados e as puntuacións de corte dos candidatos e candidatas que pasarán ao proceso de entrevista *e/ou* proba práctica de coñecemento profesional.
- Realización da proba práctica *e/ou* entrevista.
- Publicación das persoas candidatas seleccionadas e elaboración de lista de substitucións para posibles baixas e renuncias.
- Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas.
- Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

6º -FUNCÍONS E REQUISITOS MÍNIMOS

6.1 -Posto de oficial conductor.

- Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres.
- Ter tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.

- o *Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos.*

6.2 -Posto de oficial condutor-palista.

5. *Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camiións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres, palas escavadoras e retroescavadoras e coidado de materiais de traballo.*

- *Ter tódolos permisos profesionais e de conducir obrigatorios necesarios para a realización das funcións sinaladas (mínimo obrigatorios B, C, D, E).*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- o *Experiencia mínima de 2 anos como condutor en vehículos pesados e no manexo de palas escavadoras e retroescavadoras.*

6.3 -Posto de oficial albanel

- *Funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras.*
- *Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe de obra.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial albanel. Valorarase a formación recibida.*
- *Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.*

6.4 -Posto de oficial electricista

- *Funcións de docencia no período de formación teórico-práctica inicial e en obra.*
- *Control de equipos de traballo en obra.*
- *Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial electricista, valorarase estar en posesión do carnet de instalador electricista, e/ou acreditar cursos de instalador electricista.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.*

6.5 -Posto de oficial fontaneiro

- b) *Funcións de docencia no período de formación teórico-práctica inicial e en obra.*
- c) *Control de equipos de traballo en obra.*

- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial fontaneiro, valorarase estar en posesión do carnet de instalador de fontanaría, e/ou acreditar cursos de instalador de fontanería e calefacción.
- Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

6.6 -Posto de oficial forestal-xardineiro

- Funcións de docencia no período de formación teórico-práctica inicial e en obra.
- Control de equipos de traballo en obra.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial/capataz xardineiro e/ou de traballos forestais, e acreditar cursos de xardinería e forestal.
- Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

7º -CONCURSO DE MÉRITOS.

Valoraranse e baremaranse os criterios de experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.

- Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (Máximo 3 puntos) (Non se puntúa a experiencia mínima imprescindible)
- Formación (recibida ou impartida) (max.1 punto): Terase en conta especialmente a formación en Prevención de Riscos Laborais.

• Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
• Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
• Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
• Por cada curso de máis de 200 horas	0,40

- Carnets profesionais relacionados directamente coa especialidade 0,50

8º.- CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE OFICIAIS .

A Xunta de Goberno Local, a proposta do servizo de Promoción Económica e Emprego, determinará:

No momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:

- A puntuación mínima esixida aos candidatos e candidatas no proceso de baremación para acceder á fase de entrevista e a proba práctica que se publicará no taboleiro de edictos municipal.

- *Aprobar o número de oficiais de oficios a contratar en cada posto de traballo do programa UTIL.*
- *Nomear a Comisión de Selección conforme se establece na cláusula 9ª das presentes bases.*
- *Autorizar a realización da entrevista e/ou proba práctica ós candidatos e candidatas coas valoracións seguintes:*

Proba práctica (máximo 3 puntos)

A Comisión de Selección propondrá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto ofertado. No caso de obter unha puntuación inferior a 1 punto, considerarse “Non Apto” e quedará excluída a persoa do proceso de selección.

Entrevista persoal (máximo 2,5 puntos).

Realizaráselles unha entrevista persoal a tódalas persoas candidatas que superaran a proba práctica, onde se valorarán tódolos aspectos psicotécnicos de adecuación ao mesmo, así como ao grao de motivación, interese e compromiso co programa. No caso de obter unha puntuación inferior a 1 punto, considerarse “Non Apto” e quedará excluída a persoa do proceso de selección.

9º.- LISTA DE SUBSTITUCIÓN.-

Os/as candidatas/os que non foran contratado/a/s e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as”, para o mesmo ou calquera outro programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

10º.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- *O Xefe do Servizo de Promoción E., Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
- *Un funcionaria/o do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.*
- *Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.*

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de Selección contará coa asistencia técnica- admtva da Tca. de Organización e X. de Recursos Humanos.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

11º.- PRAZO SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA OS CANDIDATOS/AS A OFICIAIS TÉCNICOS

- *Prazo: 10 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación do anuncio.*
- *Recollida de Impresos de Solicitud: Oficinas do programa UTIL, ubicadas no Parque Central de Servizos do Concello (rúa A Bagunda 1, xunto á Igrexa de Sta. Cristina de Lavadores), dende o mesmo día de publicación da convocatoria*
- *Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Vigo, na praza do Rei s/n. 36202 Vigo.*
- *Horario de entrega: de luns a sábado, de 9:00 a 13:00 horas.*
- *Documentación a entregar:*
 - *Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado, coa declaración xurada de que todos os datos aportados se corresponden coa súa realidade persoal.*
 - *Autorización ao Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo (segundo modelo que se facilitará), para a vida laboral completa, á Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
 - *Curriculum Vitae.*
 - *Fotocopia do DNI da persoa aspirante.*
 - *Fotocopias dos contratos de traballo, certificados de funcións,..., que acrediten a experiencia indicada no curriculum.*
 - *Fotocopias dos certificados e/ou diplomas de formación recibida, referente ao posto de traballo ao que opta e que indique o número de horas da acción formativa correspondente.*
 - *Fotocopia de permisos de conducir e/ou carnets profesionais correspondentes a cada especialidade.*

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Promoción Económica e Emprego exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

13º.- VALIDACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

Os candidatos e candidatas que por puntuación pasen a fase de entrevista reclamaráselle a presentación de orixinais da documentación presentada para ser validada. A non presentación desta documentación será causa de exclusión do proceso selectivo.

A validación, que únicamente servirá para este proceso selectivo, realizarase presentando orixinal e fotocopia do documento para validar, nas oficinas do UTIL no Parque Central de Servizos do Concello, no prazo que estipule nese momento.

14º.- OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES.-

En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa UTIL-2ª quenda, de duración inicial de seis meses prorrogables outros seis meses máis, ata completar un tope máximo de 24 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entoutros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobor dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da cal se informa ó/a/s aspirantes.

A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións e presentar alegacións.

Máis información: Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa UTIL (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no taboleiro de anuncios do Concello.

25(1525).- PROPOSTA DE CONVALIDACIÓN E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS ASINADOS ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES E/O AXENTES SOCIAIS (AJE, APE, CCOO, CEP, CIG E UGT) NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO IMOS TRABALLAR. EXPTE. 5198/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.10.09, e de acordo co informe-proposta do director do Proxecto Imos Traballar, do 18.09.09, conformado polo xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións realizadas e os convenios iniciais asinados en data 6 de febreiro de 2009 entre o Concello de Vigo e as entidades e axentes sociais que a continuación se indican, por un gasto total de 847,997,73 € e autorizar as correspondentes indemnizacións substitutivas como consecuencia dos gastos que se derivan dos mesmos por o dito importe total, correspondendo a anualidade 2009 o importe de 322.211,66 €.

ENTIDADE	CIF ENTIDADES	ANUALIDADE 2009	ANUALIDADE 2010	ANUALIDADE 2011	TOTAIS
A.J.E.	G36905040	31.523,33 €	31.037,19 €	12.932,17 €	75.501,69 €
A.P.E.	G36710234	18.445,56 €	16.760,72 €	6.983,64 €	42.189,92 €
CC.OO.	G15103112	56.333,86 €	57.684,84 €	45.981,30 €	160.000,00 €
C.E.P.	G36615219	100.205,50 €	105.953,38 €	44.147,24 €	250.306,12 €
C.I.G.	G36706927	57.852,21 €	74.800,72 €	27.347,07 €	160.000,00 €
U.G.T.	G15383011	57.852,20 €	74.800,72 €	27.347,08 €	160.000,00 €
TOTAL		322.221,66 €	361.037,57 €	164.738,50 €	847.997,73 €

Aprobar as seguintes modificacións dos convenios:

2.1.-Engadir na cláusula terceira o seguinte texto: “A entidade , poderá subcontratar ata un máximo do 80% da contía global da subvención concedida polo Concello de Vigo para desenvolver as diferentes actividades descritas no Anexo I deste convenio, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 29 da Ley General de Subvenciones (Ley 38/2003) de 17 de novembro”.

2.2.-Engadir a continuación da cláusula terceira: “Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola entidade concédente da subvención coa obriga de axustarse ao procedemento de contrato establecido no texto marco que se acompaña como anexo II.”.

2.2.-Na cláusula novena se porá a correcta imputación contable “3220.4890002” en lugar da que por erro consta nos convenios asinados (a 3220.4890027).

2.3.-Incorpórase un novo Anexo II, que recolle o modelo de anuncio a empregar polos axentes sociais no caso de contratacións de actividades formativas, tal e como se recolle no punto 2.1 deste Convenio.

3º.- Autorizar a nova redistribución anual das actividades solicitada polos axentes sociais (achégase copia das propostas realizadas polas entidades e axentes sociais), e polo tanto modificar a distribución do gasto por anualidades e axentes sociais, segundo o contido dos novos anexos I , sen que isto supoña ningún tipo de variación do importe total da subvención de cada entidade, segundo se detalla a continuación:

ENTIDADE	CIF ENTIDADES	ANUALIDADE 2009	ANUALIDADE 2010	ANUALIDADE 2011	TOTAIS
A.J.E.	G36905040	22.362,61 €	39.596,72 €	13.542,36 €	75.501,69 €
A.P.E.	G36710234	14.076,84 €	17.545,68 €	10.567,40 €	42.189,92 €
CC.OO.	G15103112	46.671,17 €	62.548,18 €	50.780,65 €	160.000,00 €
C.E.P.	G36615219	100.205,50 €	105.953,38 €	44.147,24 €	250.306,12 €
C.I.G.	G36706927	55.066,31 €	88.136,96 €	16.796,73 €	160.000,00 €
U.G.T.	G15383011	49.250,58 €	81.060,60 €	29.688,82 €	160.000,00 €
TOTAL		287.633,01 €	394.841,52 €	165.523,20 €	847.997,73 €

4. Facultar ao Alcalde para a sinatura dos novos convenios modificados.

26(1526).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA COA ENTIDADE “ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO”. EXPTE. 4081/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 16.10.09, conformado polo xefe de negociado de Contratación, a concelleira de Igualdade, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato do Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), que abrangue desde o 1 de novembro de 2009 ao 31 de outubro de 2010, ambos incluídos, coa Asociación “Mulleres Progresistas de Vigo”, CIF G-36.657.336, empresa adxudicataria do servizo por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 15 de outubro de 2007.

2º.- Aprobar o gasto de 146.860,00 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 24.476,67 € con cargo ao RC 4874 e 122.383,33 € con cargo á disponibilidade de crédito orzamentario para o exercicio 2010 na partida “servizo de atención domiciliaria á infancia” 4632 2270602 da concellería de igualdade”.

27(1527).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA NOS VESTIARIOS DOS VIVEIROS MUNICIPAIS DO PARQUE DO CASTRO”. EXPTE. 4857/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 27.10.09, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo apra as obras de “Substitución da cuberta nos vestiarios dos viveiros municipais do Parque do Castro.

28(1528).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POR UN IMPORTE DE 23.762,41 € POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS NO MES DE SETEMBRO DE 2009. EXPTE. 4085/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.10.09, e de acordo co informe-proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns, do 30.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de setembro de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01.

29(1529).- EXPEDIENTE DE DÉBEDAS PENDENTES DA CONCESIÓN MUNICIPAL A NOME DE CONYCASE S.L. EXPTE. 17739/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 22.09.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e a xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*
- *LCE (Decreto 923/1965, de 8 de abril, do Texto Articulado da Lei de contratos do Estado).*
- *RCE (Decreto 3410/1975, de 25 de novembro, do regulamento xeral de contratación do Estado).*
- *RCCL (Decreto de 9 de xaneiro de 1953 do regulamento de contratación das Corporacions Locais).*
- *RSCL (Decreto de 17 xuño de 1955, do Regulamento de Servicios das Corporacions Locais).*
- *Prego de Condicións Xurídicas, Técnicas e Económicas que rexeron o concurso público para a adxudicación, en réxime de concesión, da construccción e explotación dun estacionamento para vehículos automóbiles, situados na Praza de 36892289 Fernando el Catolico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña (aprobado por acordo do Pleno Municipal o 30.11.1987, modificacións de 20.01.1988 e 30.06.1988)*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de xaneiro do 2009, acordou incoar expediente administrativo de declaración de caducidade da concesión administrativa outorgada a CONYCASE SL, para a construción e explotación dos aparcamentos soterraneos da Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña, desta cidade de Vigo, polo impago do canon concesional correspondente os anos 2005 e 2007, consonte o disposto no artigo cuadraxésimo terceiro, apartado 1, do Prego de condicións Xurídicas, Técnicas e Económicas pola que se rexe dita concesión administrativa.

SEGUNDO.- Con data do 25/02/2009 a entidade concesionaria CONYCASE SL, formula alegacións sinalando que realizou sucesivos pagos a conta da cantidade adeudada polo concepto do canon concesional dos anos 2005 e 2007 ata dar cumprimento efectivo a dita obriga. Así mesmo, en data 8 de abril manifesta que as cantidades adeudadas a esta administración municipal serán abonadas durante os meses de abril-maio, levando dende finais do ano 2008 facendo un extraordinario traballo para poder liquidar as debidas existentes co Concello, polo que solicita se deixe sen efecto o requerimento feito.

O Tesoureiro municipal o 6 de marzo do 2009, en relación as alegacións formuladas, informa que CONYCASE SL ten feito ingresos (por importe de 70.694,70 €) a conta da débeda que mantén polo concepto do canon correspondente aos exercicios 2005-2007-2008, resultando, trala súa aplicación a dita debida, unha cantidade pendente de abono por importe de 19.034,67 €, que se verá incrementada polas recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento de construxión que devenguen ata a data do ingreso.

TERCEIRO.- O Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, a teor do manifestado pola concesionaria da súa vontade de proceder ao aboamento da cantidade pendente durante os meses de abril-maio, acordou en data 15,04,2009 otorgarlle un prazo improrrogable ata o 31 de maio para facer efectivo dito pago, suspendéndose durante ese intre o procedemento administrativo.

CUARTO.- A entidade concesionaria sinala finalmente o 25 de maio do 2009 que a “...obligación de pagar la cantidad pendiente en el plazo concedido ha sido completamente cumplida en tiempo, mediante cuatro transferencias bancarias(...)”, solicitando “... se tenga por acreditado el completo cumplimiento de la obligación del pago del canon concesional y en consecuencia, se proceda al archivo del expediente administrativo de declaración de caducidad de la concesión.”

QUINTO.- Pola Tesourería Municipal informase o 31 de xullo do 2009 das débedas que a entidade CONYCASE SL mantén con esta Administración por diversos conceptos, exercicios e importes, non citándose entre os mesmos os correspondentes ao canon concesional polos aparcamentos soterraneos da praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, a que se refire o acordo da Xunta Goberno Local do 23.,1.2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- A entidade CONYCASE SL é a actual titular dos dereitos concesionais para a construción e explotación dun estacionamento para vehículos automóbiles na praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, desta cidade de Vigo, outorgado por acordo plenario de data 26.12.1988.

De acordo co Prego de Condicións Xurídicas, Técnicas e Económicas aprobado polo Pleno Municipal o 30.11.1987 (modificacións de 20.01.1988 e 30.06.1988) que serviu de base para a adxudicación do concurso público e polo que se rexe a concesión administrativa outorgada e de cuxos dereitos é titular na actualidade a sociedade CONYCASE SL, a natureza da relación que vencellará ao adxudicatario do concurso co Concello, será a propia da concesión administrativa conxunta de obra e servizo público a que se refire o apartado a) do párrafo segundo do art. 114 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (art. segundo, apartado 1, do Prego de condicións).

SEGUNDO.- A LCE regula no seu Título II o contrato de xestión de servizos públicos, establecendo no seu capítulo VI os supostos de extincións de dito contrato, fixando como causa desta, a resolución polo incumprimento do empresario (art.75.1 LCE, e art.65.1 RCCL), ou aquelas establecidas expresamente no contrato.(art.75.8 LCE).

Asi mesmo o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, dispoñe no seu artigo 136.1 que procederá a declaración de caducidade da concesión nos supostos previstos no prego de condicións e, en todo caso, nos seguintes: (...) b). Se o concesionario incurriera en infracción gravísima das súas obrigas esenciais, sinalando no seu apartado 2. que a declaración requerirá previa advertencia ao concesionario, con expresión das deficiencias que houberan de motivala. Finalmente poderá declararse a caducidade cando transcorrido un prazo prudencial no se houberan correxido as deficiencias advertidas imputables ao concesionario (art.136.3)

O Prego de condicións Xurídicas, Técnicas e Económicas que rexe a concesión administrativa de servizo público outorgada, contempla o dereito do concello a percepción do correspondente canon concesional, na cuantía ofertada e pola que foi adxudicada a concesión administrativa, actualizado o seu importe consonte o previsto no devandito prego (art. sexto).A falta do abono por parte do concesionario obrigado ao seu cumprimento, tipifícase como causa de declaración de caducidade da concesión, ao sinalar o artigo cuadraxésimo terceiro, apartado 1, do Prego de condicións que: Procederá a declaración de caducidade nos casos previstos no artigo 136 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais vixente, e nos supostos especiais seguintes: (...) b). Impago do canon establecido a prol do Concello.

TERCEIRO.- A incoacción do expediente administrativo para a declaración de caducidade da concesión administrativa acordada pola Xunta de Goberno Local o 23 de xaneiro do 2009, basease no incumprimento pola concesionaria no aboamento do correspondente canon concesional ao concello correspondente aos anos 2005 e 2007 . Agora ben, a caducidade da concesión, como suposto de extinción da relación contractual ou concesional que vencella a esta administración co concesionario, non prodúcese ope legis por atoparse a mesma incurso en causa de caducidade en relación a situación de incumprimento que a determina, se non que require dun procedemento administrativo específico previo a seguir (art. 136 e 137 do RSCL), no que, trala súa instrución e valoración das circunstancias concorrentes, poderá no seu momento a administración, no exercicio desa facultade resolutoria, acordar ou non a declaración de caducidade da concesión, cos efectos e consecuencias xurídicas que dita extinción conleva.

Neste senso, das actuacións administrativas efectuadas durante a tramitación do expediente resulta que a concesionaria procedeu ao abono das cantidades que polo concepto de canon concesional adeudaba a esta administración, mediante ingresos sucesivos feitos, ata comunicar o pasado mes de maio que deu cumprimento a súa obriga no prazo que lle foi outorgado na Resolución do 15.04.2009, liquidando a débeda pendente por dito concepto e interesando conseguintemente o arquivo do expediente.

No presente caso, tralo informe da Tesoureria municipal do pasado 31 de xullo que se cita nos antecedentes, non consta que a entidade concesionaria adeude cantidade algunha polo concepto de canon concesional referente aos aparcamentos soterráneos da praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, resultando polo tanto satisfeita a débeda pendente do que trae causa o acordo incoatorio de declaración de caducidade adoptado pola Xunta de goberno local, e conseguintemente a pertinencia no sobreseimento e arquivo de dito procedemento, non apreciándose que o servizo público se vera afectado na súa prestación pola demora no cumprimento pola entidade concesionaria no pago do canon, nin a concorrencia doutras circunstancias que poideran derivarse deste.

CUARTO.-Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público na súa Disposición Adicional Segunda, apartado 3.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“UNICO.- Arquivar o expediente administrativo incoado o 23 de xaneiro do 2009 de declaración de caducidade da concesion administrativa outorgada a CONYCASE SL, para a construción e explotación dos aparcamentos soterráneos da Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña, ao ter abonado a concesionaria as cantidades adeudadas polo canon concesional correspondente os anos 2005 e 2007.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1530).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ANDURIÑA Nº 21. EXPTE. 18766/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 7.10.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña nº 21, con N.I.F. H-36.780.468, a cantidade de 1.080 euros en concepto de gastos de Comunidade, polas vivendas propiedade do Concello de Vigo, relativas os meses de xaneiro a decembro de 2009.

31(1531).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ANDURIÑA Nº 27. EXPTE. 18768/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 7.10.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña nº 27, con N.I.F. 36.780.179, a cantidade de 600 euros en concepto de gastos de Comunidade, polas vivendas propiedade do Concello de Vigo, relativas os meses de xaneiro a decembro de 2009.

32(1532).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES CELEBRADOS POLA POLICÍA LOCAL DURANTE OS TRES PRIMEIROS TRIMESTRES DO ANO 2009. EXPTE. 34091/212.

En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados na Xefatura da Policía Local durante os tres primeiros trimestres do ano 2009, que son os seguintes:

Expte.	partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
33878/212	2222.2270604	SER	Contratación do servizo apoio xurídico da Policía Local	Carlos E. Días de Rábago	02/01/2009	09/01/2009	6.100,12
34010/212	2222.2260100	SUM	Adquisición de 29 insignias de recoñecemento XXV anos servizo	Raúl Álvarez Fdez. (<i>Arte en Bronce</i>)	02/07/2009	06/07/2009	5.121,40
33996/212	2222.2120000	OBR	Reparacións teito e alumeado Oficina	José carlos Costas Álvarez	12/06/2009	25/06/2009	10.201,62
34038/212	2222.2120000	SUM	Subministro materiais construción para Acondicionamento despachos Xefe e Asesor	Comercial integrasl Especialistas en Suministros	07/08/2009	13/08/2009	3.721,38
34033/212	2222.2120000	OBR	Substitución mamparas do Oficial de RRCC	ALUCAN S.L.	06/08/2009	13/08/2009	4.199,09
33895/212	2222.2120000	SUM	Subministro materiais construción para acondicionamento nave anexa	Comercial integral Especialistas en Suministros	10/02/2009	03/03/2009	10.337,83
33951/212	2222.2270602	SER	Proxecto técnico legalización frecuencias trunking	TELGA	23/04/2009	04/05/2009	3.480,00
34036/212	2222.2270602	SER	50 exemplares memoria serizos Policía 2008	Artes Gráficas Doyro	06/08/2009	12/08/2009	2.412,80
33930/212	2222.2270602	SER	Distintivo residente Casco Histórico	Sistemas de Papel Continuo SL	02/04/2009	03/04/2009	2.002,97
33896/212	2222.2200101	SUM	Material didáctico Educación Ciaria	Comercial integral Especialistas en Suministros	16/02/2009	03/03/2009	6.000,00
33955/212	2222.6220000	SUM	Materiales Obra Galería de tiro	Comercial integral Especialistas en Suministros	23/04/2009	19/04/2009	20.016,00
33897/212	2222.2200100	SUM	Subscripcións a publicacións e adq. libros	Varios: Atelier, La Ley, ...	16/02/2009	03/03/2009	1.500,00
34039/212	2222.625000	SUM	Mobiliario Edu. Viaria e RRCC	Comercial integral Especialistas en Suministros	24/08/2009	26/08/2009	3.236,81
33699/212	2222.6250000	SUM	Mobiliario: cadeiras Emisora, atestados, UMIR, Denuncias. Mesas, Armario casilleiro Inspectores,	Comercial integral Especialistas en Suministros	01/04/2009	03/04/2009	12.809,37
33888/212	2222.2270600	SER	Mantemento etilómetros	Draguer Safety Hispania SA	15/01/2009	18/02/2009	5.601,50
33899/212	2222.2260901	SER	Metroloxía cinemómetros e etilómetros	LOMGA y CEM	02/01/2009	03/03/2009	4.000,00
33990/212	2222.2210900	SUM	Casos, escudos e	Galicom Sl	10/06/2009	17/06/2009	12.886,44

			defensas para a UPR				
33898/212	2222.2210900	SUM	Material diverso para operatividade do servizo	varios	12/01/2009	03/03/2009	18.000,00
33959/212	2222.2270608	SER	Pruebas contraste alcol	SEGAS	24/04/2009	08/05/2009	6.000,00
33890/212	2222.2270605	SER	Mto tlf sistema multascan (radar)	Tradesegur	30/01/2009	02/03/2009	3.248,00
33985/212	2222.2120000	SER	Mantemento e reparacións das dependencias	varios	04/05/2009	08/06/2009	10.000,00
33879/212	2222.2130000	SER	Reparacións material diverso (emisoras, ...)	varios	02/01/2009	09/01/2009	12.000,00
33901/212	2222.2210901	SUM	Sinais	Baygar, Sinais Atlánticos	16/02/2009	03/03/2009	6.010,12
33900/212	2222.2270601	SER	Control metrolóxico dos sonómetros	LOMGA	16/02/2009	03/03/2009	836,00
34030/212	2222.2270601	SER	Control metrolóxico Inspector ruidos	LOMGA	27/07/2009	05/08/2009	403,67

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

33(1533).- PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES DE SEGURIDADE DA TENENCIA ALCALDÍA 3º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19391/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avalización de Recursos Humanos, do 20.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como policías locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2009:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policía local-seguridade, por importe de 1219,32 €.

D. Manuel Antonio Vazquez Martínez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridade, por importe de 1848,09 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

34(1534).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES DE ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19348/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante o terceiro trimestre do presente ano 2009, de conformidade coa proposta do xefe do Servizo de Protocolo e RR.PP, de data 8 de outubro de 2009:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.846,04 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.507,89 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

35(1535).- ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR XORNADA REDUCIDA DE VERÁN PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO ANO 2009. EXPTE. 19384/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avalización de Recursos Humanos, do 16.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ó persoal dos servizos que se relacionan, os importes que de seguido se indican, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán correspondente ao ano 2009 prevista no artigo 11 do convenio:

- Servicio Extinción de Incendios.....78.615,15 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don Francisco J. Abreu Torres e remata por Don José Benito Villaverde Veleiro.
- Policía Local.....127.957,04 €, segundo relacións que se achega e que comezan por Don Ivan Abalde Casanova e rematan por Don Juan Guillermo Vivero Mijares.

- Montes,Parques e Xardíns.....2.873,64 €, segundo relacións que se achegan e que comenza por Don Luis González Martínez e remata por Don José Vidal Alvarez.
- Alcaldía.....1.540,37 €, segundo relación que se achega e que comenza por Don Basilio Costas Fernández e remata por Don Camilo Fontán Balbuena.
- Tenencia Alcadia.....765'80 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don Manuel A. Vázquez Martínez e remata por Don José Luis Pérez Costas.
- Cemiterios.....7.214,46 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por Don Delmiro Vilanova Acuña.
- Desinfección.....2.427,60 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por Don Manuel Antonio Pereiro Alonso e rematan por Don J. Manuel Sousa Atrio.
- Parque Móbil.....1.856,24 €, segundo relacións que se achega e que comezan por Don Emilio Martínez Bastos e rematan por Don Jesús Pérez Tomé.
- Parque Central.....1.058'59 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por Don Manuel Costas Domínguez e remata por Don Roberto Mariño Sanromán.
- Servicio de Limpeza.....2.557,03 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don José Manuel Lojo Pancorbo e remata por Don José Constantino Sola Quiroga.
- O importe das anteriores horas ascende a un total de 226.865,92 €.”

36(1536).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE MAIO E SETEMBRO (INCLÚE HORAS DE ABRIL E AGOSTO DE 2009). EXPTE. 19388/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 23.10.09, conformado pola

xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de MAIO e SETEMBRO 2009 (Inclue horas de Abril a Agosto) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Abril Maio	521,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Sixto Pérez	Maio	492'30
OSPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero Gil-Delgado	Abril	180,00
Alcaldía	De Basilio Costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Abril a Agosto	821'30
Vías e Obras	De Amoedo Cabaleiro, José Luis a Rodrigo Rodríguez Rocha	Abril Maio	796'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Carlos Vila Da Vila	Setembro	1,348'00
Bombeiros (Admón)	De M ^a Luz Palmás Calvar	Abril Maio	96,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Maio	119'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Maio	402,50
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Antonio Vázquez Martínez	Novembro	113'00
Desinfección	De Andrés Hervada Ventin a Jesús Pérez Tomé	Abril Maio	502,00
Medio Ambiente	De Miguel Angel Alonso Alonso a Florentino Prieto Domínguez	Abril Maio	676'00
Policia Local Xulgados	De Manuel Fernando Aguado Taboada a Juan Guillermo Vivero Mijares	Setembro	1,112'00
Policia Local Horas en exceso	De Celina Agahwa Martínez a Juan Guillermo Vivero Mijares	Setembro	950'00
Limpeza	De Amador Alvarez Bernardez a Florentino Prieto Domínguez	Abril Maio	344'00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Abril Maio	54'15

O montante do presente expediente ascende a un total de 77.013'92 € (SETENTA E SETE MIL TRECE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS).

37(1537).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTE AOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DE 2009. EXPTE. 19400/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 22.09.09, conformado pola xefa do

Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 11.486,27 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos Limpeza, Vías e Obras; O.S.P.I.O., Mobilidade e Seguridade, Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Cemiterios, Sanidade, Parque Mobil, Benestar Social, Museo Castrelos, Contratación, Inspección de Tributos e Montes, Parques e Xardíns de correspondentes ao mes de maio, xuño, xullo, agosto e setembro de 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	751,26
5110	OSPÍO-Vías e Obras	5.865,60
2220	Mobilidade, Transporte e Seguridade	483,93
1212	Parque Móbil	223,55
1210	Conserxería	842,27
4430	Cemiterios	165,30
4631	Participación Cidadá	111,03
3130	Benestar Social	138,32
1216	Contratación	221,56
3220	Desenvolvemento Local	95,65
4120	Sanidade	200,64
4513	Museo Castrelos	93,48
6110	Inspección Tributos	2.159,35
4326	Montes, Parques e Xardíns	134,33
	TOTAL	11.486,27

39(1538).- NOMEAMENTO DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL COMO FUNCIONARIA INTERINA. EXPTE. 19407/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.10.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 16.10.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos da Intervención Xeral contida no escrito de data 4 de setembro de 2009.

Segundo.- Nomear funcionaria interina con cargo á referida praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral a D^a. MARGARITA SIXTO RAMOS, con D.N.I. 32.680.158-X, seguinte

aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos celebrado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

40(1539).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN TRAGSA-CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO PARA O PROGRAMA ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTAIS CON PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA. EXPTE. 11561/310.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 5.10.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Sanidade, do 26.10.09, conformado pola concelleira delegada de medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Grupo Tragsa que de seguido se transcribe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O GRUPO TRAGSA

Programa actividades medio ambientais

En vigo, na Casa consistorial do Concello de Vigo

REUNIDOS

De unha parte, o Excmo. Sr. Alcalde de Vigo don Abel R. Caballero Alvarez con NIF 33178679 Y, presidente do Concello de Vigo (CIF P3605700H) e de outra, Dona M^a Luísa Graña Barcia, Presidenta do Grupo TRAGSA con NIF 03777360-R, con domicilio a estes efectos na rúa Maldonado nº 58 de Madrid, en nome e representación de cada unha das empresas do Grupo TRAGSA (CIF 35447115 K) – Grupo de empresas públicas constituído pola empresa de Transformación Agraria S.A. (TRAGSA), Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A. (TRAGSATEC) e a empresa de Sanidade Animal e Servizos Gandeiros S.A. (TRAGSEGA).

Ambas partes recoñecen entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio.

MANIFESTAN

Primeiro: A preservación e conservación do patrimonio natural, constitúe unha das preocupacións da sociedade galega.

Segundo: O Grupo Tragsa promove e apoia as actividades comunicación externa e de transferencia de coñecementos culturais e técnicos nos ámbitos de traballo do Grupo. Esta labor faise a través do mecenazgo e patrocinio de programas, foros e eventos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente.

Terceiro: O concello de Vigo desenvolve, a través da Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo un programa para achegar á cidadanía ao entorno natural da área de Vigo co fin de coñecer e respectar os espazos naturais, coñecer e poñer en valor o patrimonio natural e fomentar un estilo de vida saudable e respectuoso co medio ambiente

Cuarto: Ambas partes recoñecen a importancia de realizar actividades e programas dirixidos a cidadanía en xeral de sensibilización e posta en valor do medio ambiente, especialmente do patrimonio natural.

Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación en materia medio ambiental de ambas institucións e delimite o ámbito de actuación da mesma.

O convenio de colaboración citado é dos previstos nos artigos 6 e 9 Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 57 LR-BRL, 198 e 199 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os pactos que o convenio incorpora estímase conformes ao interese público que éste persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido. De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

TRAGSA e o concello de Vigo acordan desenvolver un marco de colaboración ao abeiro do programa actividades medio ambientais con participación da cidadanía da Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de acordo as seguintes normas:

- TRAGSA colaborará economicamente no desenvolvemento deste programa así como na tarefa de comunicación do mesmo.*
- O concello de Vigo, fará constar esta colaboración de TRAGSA nos materiais promocionais e divulgativos (folletos, carteis, anuncios, libros, etc) do programa.*
- O concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, ao remate do programa elaborará un dossier de imaxes e un informe sobre o patrimonio natural do Parque das Illas Atlánticas para entregar na Dirección de Relacións Institucionais de TRAGSA.*
- O uso destas imaxes e do informe por parte de TRAGSA será exclusivamente publicitario e en ningún caso con ánimo de lucro ou para fins distintos aos que xustifican este convenio.*

SEGUNDA.-

Crearase unha Comisión de Seguimento formada pola Xefa do Servizo de Sanidade do Concello de Vigo e o Subdirector Tragsa Galicia.

Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantizará o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e propoñerá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuna unha das partes.

TERCEIRA: *Consignación presupostaria*

TRAGSA colaborará co concello de Vigo no desenvolvemento do programa actividades medio ambientais con participación da cidadanía cunha aportación económica de 12.000 euros no momento en que se inicie o programa

CUARTA: *Vixencia*

O presente convenio concluirá cando se cumpran as condicións das cláusulas.

E en proba de conformidade, firmase o presente Convenio en exemplar triplicado na data e lugar re-señada no seu encabezamento.

41(1540).- PROHIBICIÓN DE EXPENDER BEBIDAS ALCOHÓLICAS AOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, SITOS NO PERÍMETRO INTERIOR QUE SE DELIMITA DENDE AS 22.00 H. DAS NOITES DOS VENRES, SÁBADOS, DÍAS FESTIVOS E VÉSPERAS DE FESTIVOS ATA AS 9.00H. DO DÍA SEGUINTE. EXPTE. 77046/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 26.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, que di o seguinte:

En cumprimento da Orde do Concelleiro-Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes de 01 de outubro de 2009, emítese a seguinte proposta de aprobación inicial da prohibición de expender bebidas alcohólicas aos establecementos comerciais, sitios no perímetro interior que se delimita no expt. nº 77046/210, dende as 22:00 horas das noites dos venres, sábados, días festivos e vésperas de festivos ata as 09:00 horas do día seguinte.

I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. Na sesión ordinaria de 25.02.2008, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo declaraba zona acusticamente saturada (ZAS) a integrada polas seguintes rúas (BOP na 69, de 10.04.2008) (exp.adm. nº 4848/306):

-Na súa totalidade as rúas: Alfonso XIII e Travesía Alfonso XIII, Areal, Canceleiro, Castelar, Cervantes, Churruca, Colón, Praza de Compostela, Concepción Arenal, García Olloqui,

Gravina, E. Heraclio Botana, Iglesias Esponda, Inés Pérez de Ceta, Irmandiños, Isabel II, Lepanto, Luís Taboada, Martín Códax, Montero Ríos, Oporto, Pablo Morillo, Pontevedra, República Arxentina, Rogelio Abalde, Rosalía de Castro, Roupeiro, Travesía Santiago de Vigo, Serafín Avendaño e Uruguai.

-Parcialmente as rúas: Avda. de García Barbón do número impar 1 ata o 137 e do número par 2 ata o 102, Isaac Peral dos números pares 2 ata o 8 e Urzáiz do número 1 ata o 49.

Coa mentada declaración aprobáronse un conxunto de medidas coa finalidade de reducir os niveis de dB(A) existentes no ámbito exterior na zona delimitada. Entre ditas medidas, o apartado V do devandito acordo establece a prohibición da venda de bebidas alcohólicas nas tendas de conveniencia, sitas na zona delimitada, dende as 22:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte.

I.2. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 30.03.2009 (exp.adm. nº 75607/210), aprobaba a Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo (O.M.C.O) (BOP nº 75, de 22.04.2009).

Considerando que a Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre Drogas de Galicia, non prohibe o consumo de alcohol na vía pública, a O.M.C.O establece un sistema nos seus arts. 5 e 6 para prohibir a permanencia e concentración das persoas nos espazos abertos do termo municipal de Vigo cando se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

I.3. Tense tramitado polo Servizo de Seguridade o expediente nº 76157/210. No devandito expediente acreditouse que na rúa Joaquín Loriga e nas súas inmediacións vense producindo, desde fai anos, unha alta concentración reiterada de persoas, aproximadamente 900 ou 1.000, segundo consta nos partes de servizo da policía local de datas 30.12.2007, 11 e 13.10.2008, consumindo bebidas de calquera tipo e realizando outras actividades, alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá. Constatouse que estas concentracións, popularmente chamadas “botellóns”, tiñan carácter continuado no tempo, por canto víñanse producindo de xeito de continuado desde o ano 2006 aproximadamente.

Esta práctica provocou multitude de queixas e denuncias da cidadanía por mor das molestias ocasionadas polo botellón (actos vandálicos producidos na zona ocasionando danos en bens públicos e privados, contaminación acústica, problemas hixiénicos-sanitarios, situacións de insalubridade e abandono de residuos sólidos urbanos na vía pública, etc.).

Co obxecto de garantir os dereitos constitucionais á intimidade persoal e familiar (art. 18 C.E), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 C.E), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 C.E), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 C.E) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de rúidos (art. 47 C.E), a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 11.06.2009 (exp.adm. nº 76157/210) (BOP nº 114, de 17.06.2009), declarou zona protexida as seguintes rúas e tramos de rúas:

- A rúa Ecuador no seu tramo comprendido entre as rúas Simón Bolívar e Finisterre.
- A rúa Venezuela no seu tramo comprendido entre as rúas Simón Bolívar e Finisterre.
- A rúa Simón Bolívar no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Panamá no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Joaquín Loriga no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Finisterre.

En dita zona protexida prohibese con carácter xeral, as 24 horas do día e tódolos días da semana, a permanenza e concentración de persoas neses espazos abertos cando se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

I.4.- Tense tramitado polo Servizo de Seguridade o expediente nº 76467/210. No devandito expediente acreditouse que na rúa Teófilo Llorente, Prazas da Pedra e do Berbés e nas súas inmediacións vense producindo desde fai anos unha alta concentración reiterada de persoas consumindo bebidas de calquera tipo e realizando outras actividades, alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

Esta práctica provocou multitude de queixas e denuncias da cidadanía por mor das molestias ocasionadas polo botellón. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 14.09.2009 (exp.adm.nº 76467/210) (BOP nº 186, de 25.09.2009), declarou zona protexida as seguintes rúas e tramos de rúas:

- Praza da Ribeira do Berbés.*
- Rúa Teófilo Llorente.*
- Praza da Pedra.*
- Rúa Pescadería.*
- Praza da Igrexa da Colexiata.*
- Praza de Almeida.*
- Rúa Real e as catro baixadas que comunican dita rúa con Teófilo Llorente.*

En dita zona protexida prohibese con carácter xeral, as 24 horas do día e tódolos días da semana, a permanenza e concentración de persoas neses espazos abertos cando se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- C.E: Constitución Española.*
- LXPAC: Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).*
- LRBRL: Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.*
- LMMGL: Lei 57/2003, de 16 de decembro, medidas para a modernización do goberno local.*
- LALGA: Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*
- LDG: Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre drogas de Galicia.*
- LXS: Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.*
- LR: Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.*
- LRG: Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.*
- LR: Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias*
- Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.*
- Lei 13/2006, de 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.*
- Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións (BOP nº 198, de 16.10.2000).*

- O.M.C.O: Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo (BOP nº 75, de 22.04.2009).

III. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

III.1. Xustificación da prohibición:

A preocupación do Concello de Vigo pola defensa dos dereitos individuais de rango constitucional dos seus cidadáns, tales como o dereito á integridade persoal consagrado no artigo 15 da Carta Magna, o dereito á protección da saúde (art. 43 C.E), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45.1 C.E) e o dereito a disfrutar dunha vivenda digna libre de ruídos (art. 47 C.E), plásmase nun conxunto de actuacións municipais que pretenden loitar contra o fenómeno social, popularmente chamado botellón, ao constituír un serio problema para a saúde pública e unha ameaza para a convivencia pacífica e mailo orden público.

Entre estas actuacións municipais atópanse as declaracións das zonas protexidas da rúa Joaquín Loriga e as súas inmediacións e mais da rúa Teófilo Llorente, Prazas da Pedra e do Berbés e inmediacións.

En ditas zonas protexidas prohibese con carácter xeral, as 24 horas do día e tódolos días da semana, a permanenza e concentración de persoas neses espazos abertos cando atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

Coa finalidade de loitar contra o botellón, resulta conveniente impoñer aos establecementos comerciais que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas dende as 22:00 horas das noites dos venres, sábados, días festivos e vésperas de festivos ata as 09:00 horas do día seguinte nas zonas sitas nas proximidades das zonas declaradas protexidas. Dita prohibición xustifícase na alteración do orden público que conleva a práctica do botellón que este Concello pretende erradicar.

III.2. Ámbito territorial da prohibición:

Este ámbito ten carácter limitado e singularizado. Proponse un polígono interior onde queden incluídas as dúas zonas declaradas protexidas e máis un ámbito de influencia.

Dito perímetro interior estaría delimitado polas seguintes rúas, as que se entenden incluídas no mesmo:

Partindo da Praza de España descendendo pola rúa Gran Vía ata chegar á rúa Lepanto. Continúase pola rúa Alfonso XIII ata a súa confluencia coa Avda. García Barbón ata chegar á rotonda de Isaac Peral. Dende ésta, descéndese ata a rúa Areal, continúaase ata a súa confluencia coa rúa Concepción Areal, e continúa por Montero Riós ata chegar a Cánovas del Castillo. Continúase pola Avda. Beiramar ata a súa confluencia coa rúa Coruña. Ascéndese pola rúa Coruña ata Praza de América, continuando pola rúa Gran Vía ata concluír e pechalo perímetro na Praza de España.

Os establecementos comerciais, sitos no interior do perímetro delimitado, que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, terán prohibido expender estas bebidas dende as 22:00 horas das noites dos venres, sábados, días festivos e vésperas de festivos, ata as 09:00 horas do día seguinte.

III.3. Efectos da prohibición:

A imposición desta prohibición deberá comunicarse á Dirección Xeral competente en materia de comercio ao abeiro do previsto no art. 10 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

A venda de bebidas alcohólicas en horario prohibido constitúe unha infracción administrativa grave sancionable polo conselleiro/a competente con multa de entre 60.001 € e 300.500 € (art. 15.1.b e art. 18.2.b da Lei 13/2006).

IV. COMPETENCIA MUNICIPAL:

IV.1. Considerando que o Municipio conforme aos artigos 25.2.d-f) da LRBRL 7/1985 e 80.2.d-f) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materias tales como o urbanismo e a protección do medio ambiente, e que conforme aos artigos 26.1.d) da LRBRL e 81.d) da LALGA é un servizo público de prestación obrigatoria para municipios de máis de 50.000 habitantes,

IV.2. Considerando que o “botellón” é un axente contaminante, gravemente perturbador do medio ambiente e desa idea de calidade de vida á que todos temos dereito conforme ao artigo 45 da CE, pola que deben velar os poderes públicos, e cuxo recoñecemento, respecto e protección informará tanto a actuación administrativa, como a lexislación e a práctica xudicial (art. 53.3 CE), propónse que os establecementos comerciais, sitios no interior do perímetro antes delimitado, que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas teñan prohibido expender estas bebidas dende as 22:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte.

IV.3. Con relación á competencia municipal para adoptar esa prohibición, citar o art. 10 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, que habilita aos Concellos, no ámbito do seu término municipal, para acordar de xeito singularizado, por razóns de orde público, impoñer aos establecementos comerciais que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender bebidas alcohólicas dende as 22:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte.

IV.4. Segundo o disposto no art. 127.1.m) da LRBRL corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación inicial da prohibición. Asemade, seguirase o seguinte procedemento ata a súa aprobación definitiva: Aprobación inicial da prohibición pola Xunta de Goberno Local, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 20 días naturais para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva da prohibición con publicación no BOP.

IV.5. Segundo previsto no art. 59.6.a) da LXPAC a prohibición, unha vez aprobada definitivamente pola Xunta de Goberno Local, publicarase integramente no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e xirarase comunicación á prensa da localidade de maior difusión.

V. PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Á vista dos feitos e fundamentos expostos, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Impoñer aos establecementos comerciais, sitios dentro do polígono interior que se delimita no apartado segundo deste acordo, que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender estas bebidas dende as 22:00 horas das noites dos venres, sábados, festivos e vésperas de festivos ata as 09:00 horas do día seguinte.

SEGUNDO: O polígono estaría delimitado polas seguintes rúas, incluídas:

Praza de España, rúa Gran Vía, rúa Lepanto, rúa Alfonso XIII, Avda. García Barbón ata a rotonda de Isaac Peral, rúa Areal, rúa Concepción Areal, rúa Montero Riós, rúa Cánovas del Castillo, Avda. Beiramar ata a súa confluencia coa rúa Coruña, rúa Coruña, Praza de América, rúa Gran Vía ata Praza de España.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública polo prazo de 20 días naturais para a presentación de reclamacións e suxestións.

CUARTO: Este acordo constitúe un acto de trámite que terá efectos a partires da data da súa aprobación definitiva. Declarar, que de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado este acordo ata entón provisional, debendo publicarse integramente no BOP.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1541).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACTUACIÓN NO CÑO. CRUZ E R. DO CARBALLAL-BEMBRIVE”. EXPTE. 59663/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.10.09, o informe de fiscalización do 27.10.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 2.10.09, conformado pola concelleira delegada de dita Area, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Actuación no Cmño. Cruz e R. do Carballal- Bembrive ”, segundo o proxecto redactado por GALAICONTROL , con un importe total base de licitación de 367.500,00 € (IVE engadido)

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras indicadas con cargo a partida orzamentaria e importes seguintes :

Importe total con IVE: 367.500,00 €

Prezo sin IVE = 316.810,34 €

IVE soportado pola Administración = 50.689,66 €

Partida orzamentaria : 5110.611.0021

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

43(1542).- PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA URZÁIZ. LOTE 2: ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ- ALCALDE GREGORIO ESPINO. EXPTE. 152/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 28.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto complementario nº 1 da “Humanización da Rúa Urzáiz, tramo Escultor Gregorio Fernández – Avda. Alcalde Gregorio Espino”, por un importe adicional de 280.067,99 (douscentos oitenta mil sesenta e sete euros con noventa e nove céntimos) Euros, dacordo co informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñoz Rama de data 28 de outubro de 2009.

2º.- Incluir dentro do orzamento de inversión do ano 2010 unha partida orzamentaria cun importe de 280.067,99 Euros para poder financiar o proxecto complementario descrito anteriormente.

44(1543).- PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA URZÁIZ. LOTE 1: GRAN VÍA- ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 157/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 28.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto complementario nº 1 da “Humanización da Rúa Urzáiz, tramo Escultor Gregorio Fernández – Avda. Alcalde Gregorio Espino”, por un importe adicional de 242.009,73 (douscentos coarenta e dous mil nove euros con setenta e tres céntimos) Euros, dacordo co informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñoz Rama de data 28 de outubro de 2009.

2º.- Incluir dentro do orzamento de inversión do ano 2010 unha partida orzamentaria cun importe de 242.009,73 Euros para poder financiar o proxecto complementario descrito anteriormente.

45(1544).- MODIFICADO CUSTE CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VENEZUELA, ENTRE GRAN VÍA E CAMELIAS. EXPTE. 158/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 28.10.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 17 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, adoitou o acordo de adjudicar o expediente 65/440 do Proxecto de Humanización da Rúa Venezuela,

entre Gran Vía e Camelias, á empresa Espina Obras Hidráulicas.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial do Proxecto de Humanización da Rúa Venezuela, entre Gran Vía e Camelias.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(1545).- MODIFICADO CUSTE CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS SEVILLA E VALENCIA. LOTE 1: RÚA SEVILLA. EXPTE. 159/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-propostado xefe de Área de Servizos Xerais, do 30.10.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 17 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 60/440 do Proxecto de “Humanización das rúas Sevilla e Valencia. Lote 1: Rúa Sevilla”, á empresa UTE Eiriña, S.L.-Imes Api, S.A..

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial de “Humanización das rúas Sevilla e Valencia. Lote 1: Rúa Sevilla”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(1546).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN ENTORNO CASABLANCA, 1ª FASE (RÚA SIMÓN BOLIVAR, ENTRE VENEZUELA E PRAZA ELÍPTICA). EXPTE. 1205/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais e do xefe da OSPIO, do 28.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN ENTORNO CASABLANCA, 1ª FASE (RÚA SIMÓN BOLIVAR, ENTRE VENEZUELA E PRAZA ELÍPTICA) .

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

48(1547).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA (PEDRO ALVARADO-BUENOS AIRES 2º FASE). EXPTE. 1167/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais e do xefe da OSPIO, do 29.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA SANJURJO BADÍA (PEDRO ALVARADO-BUENOS AIRES 2º FASE) .

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

49(1548).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA RÚA EUGENIO KRAFF (FASE II)”. EXPTE. 1168/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais e do xefe da OSPIO, do 29.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA RÚA EUGENIO KRAFF (FASE II) .

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA.

50(1549).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN ENTORNO CALVARIO. FASE II. RÚA EXTREMADURA”. EXPTE. 1134/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais e do xefe da OSPIO, do 28.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN ENTORNO CALVARIO. FASE II. RÚA EXTREMADURA. .

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA.

51(1550).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. POR OBRAS NA RÚA PRÍNCIPE Nº 52. EXPTE. 59742/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 20.10.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 25/09/2009 autorízouse a Construcciones Magope, S.L. . a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 59710/250, cunha ocupación de 23 m² na rúa Príncipe, nº 52 para unha limpeza da fachada do inmovible con licenza 67936/421, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200900052621 de data 25/09/2009.

Solicitada a devolución da fianza con data 28/09/2009 e número de documento 90137923 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 19/10/2009, indícase que o valo de obra foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de Construcciones Magope, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(1551).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FINCAS DEL NOROESTE S.L. POR CIRCULACIÓN CON VEHÍCULOS PESADOS ATA A RÚA CARRAL Nº 6. EXPTE. 59784/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 20.10.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 28/09/2009 Fincas del Noroeste, S.L. . con C.I.F. B15282007 solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 18/04/2006 número de operación 200600016846 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 71.200,00 €, motivado polo permiso de circulación con vehículos pesados ata a rúa Carral, nº 6.

No informe de inspección de data 19/10/2009, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 71.200 € (setenta e un mil douscentos euros), a favor de Fincas del Noroeste, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

53(1552).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ORECO S.A. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA EN JOAQUÍN YAÑEZ, 2. EXPTE. 59345/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 20.10.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 21/07/2000 autorizouse a Oreco, S.A. . a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 30130/250, cunha ocupación de 37 m² na rúa Joaquín Yáñez, nº 2 para rehabilitación edificio con licenza 30988/421, constituíndo unha fianza de 200.000 pesetas (dúas centas mil pesetas), con número de operación 200000033604 de data 21/07/2000.

Solicitada a devolución da fianza con data 21/07/2009 e número de documento 90108730 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 19/10/2009, indícase que o valo de obra foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 200.000 pesetas (dúas centas mil pesetas), a favor de Oreco, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

54(1553).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA A MEDIA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 13017/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 8.10.09, o informe de fiscalización do 30.10.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 3.09.09, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo prego de prescripcíons técnicas e anexo ó mesmo para o contrato de subministro de enerxía eléctrica elaborado polo servizo de Electromecánicos con data 3/ 09/2009

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e anexos ó mesmo, elaborado polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais con data 3 de setembro /2009 para a contratación por concurso aberto da subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Vigo

3º.- Autoriza-la tramitación do expediente como anticipado de gasto, e autorizar este gasto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica para as distintas instalacións do Concello de Vigo con cargo ás partidas 2200.221.0000; 4521.221.0000; 4220.221.0000; 1210.221.0000, 4326.221.0000; 4324.221.0000 e demais vinculadas a elas, do presuposto do 2009 por importe máximo, IVE incluído de 7.256.170,004 € (3.628.085,00 €/ano).

4º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

55(1554).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL. EXPTE. 7116/540.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

56(1555).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.261,48 € A FAVOR DE MERCURY ASCENSORES S.L. POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 149/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 6.10.09 e de acordo co informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-Administrativo, e interventor técnico no Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de MERCURY ASCENSORES SL (C.I.F.B36786721), na contía de 1.261,48 €, correspondentes ós servizos prestados de mantemento ascensores no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2009, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor MERCURY ASCENSORES SL (C.I.F. B36786721), polo importe de 1.261,48 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
148/551	v	27317	01/07/2009	174,84 €	27,97 €	202,81 €
147/551	v	27318	01/07/2009	912,65 €	146,02 €	1.058,67 €

3º.- Ordenar o pago a favor de MERCURY ASCENSORES SL (C.I.F. B36786721) polo devandito importe de 1.261,48 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso” do orzamento vixente.

57(1556).- CONVENIO DE ACTUACIÓN E REHABILITACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA-IGVS E O CONCELLO DE VIGO. OBXECTIVO 2009, FASE 11 CASCO VELLO. PLAN VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 441/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado polo concelleiro delegado de Conxuntos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- *En datas 24.11.1999, 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003, 20.10.2003 e 26.02.2004 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Casco Vello de Vigo, correspondentes ás fases, 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª respectivamente; en datas 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08 as fases 7ª, 8ª, 9ª e 10ª para o mesmo ámbito, estas últimas ao abeiro do Plan Vivenda 2005-2008.*

- En data 22.08.06 publicase o Decreto 136/2006 do 27 de xullo, polo que se declara ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona Vella da cidade de Vigo.
- En data 18.05.07 publicase no BOP a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior para o Casco vello de Vigo.
- En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012.
- En data 29 de setembro de 2009 recíbese unha comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria programa par os obxectivos 2009 da Área de Rehabilitación do Casco vello de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 68 actuacións coa seguinte distribución: Ministerio da Vivenda: (50%) 448.800 euros; Xunta de Galicia (25%) 340.000 euros; particulares: (25%) 262.933 euros.
- No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será ata o 50% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.600 euros, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- En data 20.07.09, publicase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. No cláusula cuarta “actuaciones a cargo da Comunidade autónoma”, punto 6.4 referido a Areas de rehabilitación integral de centros históricos e municipios rurais da Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda establécese que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 25% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización, para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de remodelación da Area Dotacional 4 “Acondicionamento de espazos libres de uso público viario” no Casco Vello da cidade de Vigo.
- A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 134.640 euros (30%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 102.000 euros(22,70%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 212.160 euros (47,30%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo.

- En data 13 de outubro de 2009 emitese certificación da Xunta de Goberno local coa adopción do acorpo proposto remitindo a mesma ao órgano da Xunta competente. .
- En data 22 de outubro via correo electrónico informámonos que debense modificar as porcentaxes de aportación dos axentes implicados (Concello, Xunta e Ministerio e particulares) pois non se tiveron en conta os módulos a aplicar nas aportacións dos particulares. Sendo que as cantidades seguen a ser as mesmas así pois as aportacións porcentuais deben ser as seguintes:

Axentes	%	Aportacións de rehabilitación vivendas
Ministerio da vivenda	26,40	448.800
Xunta de Galicia	20,00	340.000
particulares	53,60	911.200
Total	100,00	1.700.000

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio da Vivenda e Comunidade Autónoma.

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

58(1557).- CONVENIO DE ACTUACIÓN E REHABILITACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA-IGVS E O CONCELLO DE VIGO. OBTIVOS 2009, FASE 7ª BOUZAS. PLAN VIVENDA 209-2012. EXPTE. 444/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 23.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Conxuntos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- En data 26.02.2004 asínase o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, correspondente á fase 1ª, e en datas 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08 as Fases 2ª, 3ª, 4ª e 5ª respectivamente para actuacións de rehabilitación no conxunto histórico de Bouzas.
- En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio histórico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02

- En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012
- En data 29 de setembro de 2009 recíbese unha comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria programa par os obxectivos 2010 da Área de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas na cidade de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 27 actuacións coa seguinte distribución: Ministerio da Vivenda: (50%) 178.200 euros; Xunta de Galicia (25%) 135.000 euros; particulares: (25%) 226.800 euros.
- No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será ata o 50% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.600 euros, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- En data 20.07.09, publícase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. No cláusula cuarta “actuacións a cargo da Comunidade autónoma”, punto 6.4 referido a Areas de rehabilitación integral de centros históricos e municipios rurais da Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda establécese que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 25% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización, para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de reurbanización da Praza de M. Diego Santos no Barrio Histórico de Bouzas.
- A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 53.460 euros (30%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 40.500 euros (22,70%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 84.240 euros (47,30%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo.
- En data 13 de outubro de 2009 emítese certificación da Xunta de Goberno local coa adopción do acorpo proposto remitindo a mesma ao órgano da Xunta competente. .
- En data 22 de outubro via correo electrónico informámonos que débense modificar as porcentaxes de aportación dos axentes implicados (Concello, Xunta e Ministerio e particulares) pois non se tiveron en conta os módulos a aplicar nas aportacións dos particulares. Sendo que as cantidades seguen a ser as mesmas así pois as aportacións porcentuais deben ser as seguintes:

Axentes	%	Aportacions de rehabilitacion vivendas
Ministerio da vivenda	26,40	178.200
Xunta de galicia	20,00	135.000
particulares	53,60	361.800
Total	100,00	675.000

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización , dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas na cidade de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio da Vivenda a Comunidade autonoma.

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

59(1558).- CONVENIO DE ACTUACIÓN E REHABILITACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA-IGVS E O CONCELLO DE VIGO. OBXECTIVOS 2010, FASE 12ª CASCO VELLO. PLAN VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 443/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 6.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Conxuntos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- *En datas 24.11.1999, 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003, 20.10.2003 e 26.02.2004 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Casco Vello de Vigo, correspondentes ás fases, 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª ,6ª respectivamente; en datas 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08 as fases 7ª, 8ª, 9ª e10ª para o mesmo ambito, estas ultimas ao abeiro do Plan Vivenda 2005-2008.*
- *En data 22.08.06 publicase o Decreto 136/2006 do 27 de xullo, polo que se declara ben de Interese Cultural, coa categoria de Conxunto Histórico, a zona Vella da cidade de Vigo.*
- *En data 18.05.07 publicase no BOP a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior para o Casco vello de Vigo.*
- *En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requeremento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012.*

- En data 29 de setembro de 2009 recíbese unha comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando Memoria programa par os obxectivos 2010 da Área de Rehabilitación do Casco vello de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 82 actuacións coa seguinte distribución: Ministerio da Vivenda: (50%) 541.200 euros; Xunta de Galicia (25%) 410.000 euros; particulares: (25%) 317.066 euros.
- No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será ata o 50% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.600 euros, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- En data 20.07.09, publícase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. No cláusula cuarta “actuacións a cargo da Comunidade autónoma”, punto 6.4 referido a Areas de rehabilitación integral de centros históricos e municipios rurais da Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda establécese que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 25% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización, para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de remodelación da Área Dotacional 6 “Acondicionamento de espazos libres de uso público” no Casco Vello da cidade de Vigo.
- A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 162.360 euros(30%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 123.000 euros(22,70%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 255.840 euros (47,30%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo.
- En data 13 de outubro de 2009 emítese certificación da Xunta de Goberno local coa adopción do acorpo proposto remitindo a mesma ao órgano da Xunta competente. .
- En data 22 de outubro via correo electrónico informámonos que debense modificar as porcentaxes de aportación dos axentes implicados (Concello, Xunta e Ministerio e particulares) pois non se tiveron en conta os módulos a aplicar nas aportacións dos particulares. Sendo que as cantidades seguen a ser as mesmas así pois as aportacións porcentuais deben ser as seguintes:

Axentes	%	Aportacións de rehabilitación vivendas
Ministerio da vivenda	26,40	541.200

<i>Xunta de Galicia</i>	<i>20,00</i>	<i>410.000</i>
<i>particulares</i>	<i>53,60</i>	<i>1.098.800</i>
<i>Total</i>	<i>100,00</i>	<i>2.050.000</i>

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio da Vivenda e Comunidade autónoma.

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

60(1559).- CONVENIO DE ACTUACIÓN E REHABILITACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA-IGVS E O CONCELLO DE VIGO. OBXECTIVOS 2009, FASE 6ª BOUZAS. PLAN VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 442/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 23.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Conxuntos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- En data 26.02.2004 asínase o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, correspondente á fase 1ª, e en datas 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08 as Fases 2ª, 3ª, 4ª e 5ª respectivamente para actuacións de rehabilitación de conxuntos históricos de Bouzas.*
- En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio histórico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02*
- En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012*
- En data 29 de setembro de 2009 recíbese unha comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando Memoria programa par os obxectivos 2009 da Área de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas na cidade de*

Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 23 actuacións coa seguinte distribución: Ministerio da Vivenda: (50%) 151.800 euros; Xunta de Galicia (25%) 115.000 euros; particulares: (25%) 193.200 euros.

- No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será ata o 50% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.600 euros, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- En data 20.07.09, publícase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. No cláusula cuarta “actuaciónes a cargo da Comunidade autónoma”, punto 6.4 referido a Areas de rehabilitación integral de centros históricos e municipios rurais da Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaria do Ministerio da Vivenda establécese que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 25% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización, para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de reurbanización da rua Cruceiro Vello no Barrio Histórico de Bouzas.
- A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 45.540 euros (30%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 34.500 euros (22,70%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 71.760 euros (47,30%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaria do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo.
- En data 13 de outubro de 2009 emítese certificación da Xunta de Goberno local coa adopción do acorpo proposto remitindo a mesma ao órgano da Xunta competente. .
- En data 22 de outubro via correo electrónico informámonos que debense modificar as porcentaxes de aportación dos axentes implicados (Concello, Xunta e Ministerio e particulares) pois non se

tiveron en conta os módulos a aplicar nas aportacións dos particulares. Sendo que as cantidades seguen a ser as mesmas así pois as aportacións porcentuais deben ser as seguintes:

Axentes	%	Aportacións de rehabilitación vivendas
Ministerio da vivenda	26,40	151.800
Xunta de Galicia	20,00	115.000
particulares	53,60	308.200
Total	100,00	575.000

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio da Vivenda a Comunidade autónoma.

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezoito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.